

vilalba

O colectivo Sete Pontes pasa a chamarse Asociación de Empresarios de Vilalba. **Páx. 4**

meira

Inician as actividades de xullo e avanza o programa das festas do Quince. **Páx. 9**

friol

Éxito de público e de participantes nas Olimpíadas Rurais. **Páx. 10**

muras

Volven as axudas da luz, que abren un novo prazo de solicitude con máis contía. **Páx. 24**

terra chá

O Camiño do Bispo prepárase para abrir en setembro con nova sinalización. **Páx. 27**

Intenso programa estival

A Feira da Cantería, o festival de Pardiñas ou as patronais en Castro de Rei, Friol, Meira ou Vilalba son algúns exemplos do que se achega



Guitiriz únese pola atención médica en Parga

O Pleno votou por unanimidade reclamar a reapertura do consultorio durante o verán. **Páx. 14**

Independentes por Rábade fan balance

Expoñen as principais críticas sobre a xestión municipal en dous anos de goberno popular. **Páx. 22**

Galicia agochada en museos singulares

Un percorrido por espazos culturais únicos fóra dos circuitos turísticos habituais. **Páx. 28-29**

Castro Santamariña



Entrevista ao escritor que vén de publicar 'A noite que se foi a luz'. **Páx. 5**

Ramón Villar Gómez



Escultor, neto e fillo de canteiro, e mestre doutros moitos. **Páx. 15**

Nova etapa da Asapa



José Manuel García Méndez relata os plans da asociación. **Páx. 20**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

É O MOMENTO
DE RENOVARSE
30% e 50%
EN GAFAS DE SOL

Vilalba 982 51 01 00
981 45 15 04 As Pontes

N.R.S. 6-27-000361 / E-37-000323 • N.R.S. 6-15-000024 / E-15-001170

Xa hai gañadores do certame de Microrrelatos

A Concelleira de Cultura do Concello de Vilalba, Mónica González, anunciou os nomes das persoas gañadoras do Concurso de Microrrelatos organizado con motivo da celebración do Día do Libro 2025.

Na categoría infantil, o primeiro premio foi para Carmen López Tenreiro pola súa obra O Libro Máxico. O segundo lugar obtívoo Duarte Martiño Torrado con Enciclopedia Natural, e o terceiro premio foi para Lois Herva Rodríguez con A Casa. Os galardóns consisten nun lote de libros para os tres premiados e material escolar adicional para a gañadora.

Na categoría xuvenil, María Rodríguez Domínguez fíxose co primeiro premio grazas ao relato Segunda Hora, mentres que María Paz Miragaya recibiu o segundo premio por Humanidade. O terceiro premio quedou deserto. Os galardóns inclúen lotes de libros para ambas premiadas e, no caso da primeira clasificada, tamén un ordenador portátil.

Na categoría de adultos, o primeiro premio, dotado con 250 euros, foi para Sonia Corral Franco pola obra (Da) Nada. Jennifer Santín Vivero obtivo o segundo premio, dotado con 150 euros, polo microrrelato Equilibrio literario, mentres que Pablo Grande Estévez recibiu o terceiro premio, con 100 euros, pola peza Cando Chovía.

O xurado estivo composto por destacadas figuras do ámbito literario e xornalístico: a profesora e escritora Mercedes Queixas, a escritora e poeta Enma Pedreira, e a xornalista, docente e escritora Silvia Tasende. A presidencia recaeu na propia concelleira Mónica González, mentres que a secretaria correu a cargo da técnica de Cultura María Sonia García. Desde o Concello de Vilalba felicitan a todas as persoas participantes e destacan a calidade das obras presentadas, así como a importancia de iniciativas como esta para fomentar a creatividade literaria en todas as idades.

As irmás Purriños, pregoeiras das festas de San Ramón e Santa María

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira de Cultura, Mónica González, presentaron este martes o cartel do programa das Festas de San Ramón e Santa María 2025.

A primeira das comunicacións foi a presentación do pregoeiro de este ano, que corresponde ás irmás Yolanda e Inma Purriños, as dúas fotógrafas da localidade, distinguidas en varias ocasións con premios polo seu traballo. A alcaldesa explicou que é a primeira vez que o pregón é compartido e amosou o seu “orgullo” por ser elas as que abran as festas.

A elección das pregoeiras foi un acordo entre as dúas forzas políticas ademais polo feito de “ser mulleres e profetas na súa terra”.

Ademais, o cartel deste ano foi deseñado por Eduardo Pérez Baamonde, outro vilalbés, que representou no se cartel os eixes das festas, a banda de música, o roscón ou a Torre dos Andrade. A alcaldesa e Mónica González destacaron o seu labor como



pintor e fixeron un percorrido pola pegada que deixou na localidade. As dúas pregoeiras amosaron o seu “agradecemento e emoción” por ter sido escollidas e defenden o feito de “ser de Vilalba”. O autor do cartel pola súa banda, destacou que na súa obra lémbrese a importancia das festas “que van máis alá do que é a propia vila”.

Finalmente, dende o Concello de Vilalba adiantaron que as festas patronais comezarán o venres 22 de agosto, coa tradicional xira campestre na

Madalena, e estenderanse ata o domingo 7 de setembro, coa celebración da feira e o Día das Parroquias, no que esta edición a protagonista será San Xurxo de Rioaveso.

Así mesmo, confirmaron que este mes se darán a coñecer máis detalles das festas, que este ano volve organizar o Concello de Vilalba coa colaboración da Asociación cultural festas patronais de Vilalba para a elaboración do libro das festas e “outros aspectos nos que poidamos precisar da súa participación”.

DNI ELECTRÓNICO



O Concello de Vilalba informa de que xa está en funcionamento o novo Punto de Actualización do DNI electrónico na Casa do Concello, un servizo que permite realizar de forma rápida e sinxela diversas xestións relacionadas co DNI.

Impulsan obras por 375.000 euros para mellorar infraestruturas

O Concello de Vilalba vén de aprobar, por unanimidade nun pleno extraordinario, tres proxectos que suman máis de 375.000 euros de investimento e que permitirán avanzar na mellora de diferentes infraestruturas municipais. Estas actuacións, promovidas pola área de Infraestruturas Urbanas, abranguen desde a rehabilitación da Casa da Cultura ata a humanización de espazos e a mellora de rúas no polígono industrial.

Un dos proxectos, con 140.000 euros de orzamento, permitirá acometer a reparación e mellora da cuberta da Casa da Cultura, que presenta

filtracións recorrentes. Tamén se procederá ao pintado da fachada e á substitución parcial da cuberta, co obxectivo de recuperar este espazo e poñelo en valor, tendo en conta as vistas que ofrece ao Parador e á Pravia. Estes traballos contarán co apoio económico da Deputación de Lugo, segundo explicou o concelleiro Luis Fernández.

Outro dos proxectos aprobados contempla a creación dun innovador sistema de sombra na Avenida Terra Chá, baseado en plataformas elevadas con árbores autóctonas e bancos para favorecer o descanso

e o encontro social. Cun orzamento de licitación de 45.888 euros, será financiado nun 80% pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, e contará cun prazo de execución de catro meses e medio.

O terceiro proxecto permitirá reforzar o firme e mellorar a sinalización nas rúas Castiñeiro, Salgueiro e Acivro, situadas no parque empresarial de Vilalba, para facilitar o tráfico e a seguridade nesta zona estratéxica para a actividade económica local. Este investimento ascende a 190.000 euros, dos cales o Concello asumirá o 40% do custe total.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es

Marta Rouco foi elixida secretaria xeral dos socialistas do municipio

A Agrupación Socialista de Vilalba elixiu en asamblea a Marta Rouco Seoane como nova secretaria xeral local, liderando un equipo no que Sergio López Ramudo será secretario de Organización e Paula Vigo Lamas secretaria de Política Municipal e Acción Electoral.

“Traballaremos con moita ilusión para manter e reforzar o proxecto socialista que está cambiando Vilalba desde o concello, co obxectivo das próximas eleccións municipais”, afirma Marta Rouco, que agradece “os moitos anos de esforzo e dedicación de Eduardo Vidal como secretario xeral da agrupación local do PSOE, cun traballo que nos levou a acadar a alcaldía”.

Na nova executiva elixida tamén figuran Daniel Ares Pico, secretario



de Participación Cidadá, Veciñanza e Medio Rural; Vanesa Siso Calvo, secretaria de Igualdade e Cultura; Jesús Río Iglesias, secretario de Xuventude e Dinamización Xuvenil; Sonia Verdes Gil, secretaria de Medio Ambiente, Transición Ecolóxica e Rural;

Miguel Novo Veleiro, secretario de Deportes e Políticas Sociais; Jesús Miguel Ares Fraga, secretario de Novas Tecnoloxías e Atención á Militancia, e Juan José Pumares Gómez, secretario de Comercio, Hostalería e Desenvolvemento Local.

O Concello acada dúas axudas para varios proxectos do polígono

O Concello de Vilalba vén de recibir a resolución da concesión de dúas subvencións por importe de 204.012 euros para levar a cabo dous proxectos de mellora das dotacións públicas no polígono industrial Sete Pontes.

Unha das axudas, por importe de 120.000 euros, corresponde ao proxecto de reforzo do firme e sinalización na rúa do Castiñeiro, rúa do Salgueiro e rúa Acivro, no parque empresarial. Un proxecto cun investimento total de 190.000 euros, dos cales o Concello de Vilalba se fará cargo nun 40 %.

Pola súa banda, o Concello de Vilalba tamén acadou unha subvención para un proxecto de aforro e eficien-

cia enerxética do alumeadado público do polígono industrial, por un importe de 84.012,76 euros, que supoñen o 80% do investimento total.

Nesa liña, dende o Concello de Vilalba “presentáronse dous proxectos minuciosamente deseñados para acadar as subvencións de concorrencia competitiva da Consellería de Economía e Industria nas que se valoran por puntos as actuacións a desenvolver”, explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

Así mesmo, Rouco subliñou que se trata “dunha actuación por parte do goberno local coa que damos resposta ao compromiso acadado coa Asociación de Empresarios Sete Pontes para mellorar as dotacións públi-

cas do parque empresarial”.

Finalmente, a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, destacou que “esta fórmula, a de presentar proxectos a axudas de concorrencia competitiva, é a única vía pola que conseguimos investimentos da Xunta de Galicia e dende o goberno local seguiremos insistindo para acadar orzamentos que nos permitan mellorar a vida dos veciños e veciñas e, neste caso, dos nosos empresarios”.

Así mesmo, o Concello tamén deu resposta “ás demandas da asociación de empresarios para unha maior limpeza e acondicionamento do polígono, así como o repintado e a sinalización das rúas do parque empresarial”, concluíu a rexedora.

Repararán en Santaballa a vía a Fontebouza

O tenente de alcalde Modesto Renda anunciou este venres en Santaballa que o Concello rexenerará o completo a vía de acceso ó barrio da Fontebouza dende a estrada provincial LU-P-6517. A través dunha longa reunión, Renda explicou á veciñanza da parroquia que esta agardada obra vai ter un custe de 28.366,03 euros, incluíndo a necesaria limpeza de cunetas en todo o vial e colocación de nova sinalización vertical.

Así mesmo, a xuntanza permitiu

fixar de común acordo cos veciños/as presentes a rexeneración da vía municipal coñecido como ‘a paralela’ dende a Ponte de Santa Eufemia ata o Carrizo e a da vía de acceso ao barrio de Trastoi, como as seguintes obras na parroquia. Renda quixo agradecer unha vez máis a grande afluencia de xente á reunión e comprometeuse a volver convocar aos seus veciños/as, unha vez estean rematados os traballos anunciados para fixar xa os seguintes.

EN BREVE



LANZÓS. A Deputación realiza os traballos de mellora na vía que une os lugares de Vilate a Ribado na parroquia de San Martiño de Lanzós, na LU-P-6508, cun investimento de 59.300,46 euros. Son preto de tres quilómetros.



ÁRBOL. A comisión de festas de Árbol vén de sacar unha guía telefónica da veciñanza da parroquia. A publicación conta ademais cos deseños dun concurso artístico infantil e as fotografías antigas que voluntariamente cederon varios veciños.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES	TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS	TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.	TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY.	RYS SESACAR RECAMBIOS Y SUMINISTROS Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com
---	--	---	---	--



Celine Fernández, elixida presidenta de Novas Xeracións do PP local

Celine Fernández foi proclamada presidenta de Novas Xeracións de Vilalba no congreso local celebrado pola formación xuvenil do Partido Popular.

A nova responsable, de 25 anos e graduada en bioquímica cun máster en formación do profesorado e en bioloxía e xenética, estivo arroupada por representantes do PP de Vilalba e da comarca, así como por cargos orgánicos como a secretaria xeral do PPdeG, Paula Prado; a presidenta provincial, Elena Candia; a presidenta autonómica de Novas Xeracións, Nicole Grueira; e o presidente provincial da organización xuvenil, Miguel Gallego.

Durante a súa intervención, Celine Fernández comprometeuse a construír “un proxecto aberto, participativo e útil para todos os mozos e mozas da vila”, baseado na ilusión, o traballo en equipo e a defensa activa dos intereses da mocidade. Subliñou que “temos talento, ideas e gañas” e que o obxectivo é converter Novas Xeracións de Vilalba nunha ferramenta de cambio e de orgullo para a vila, destacando o potencial de Vilalba como un lugar de historia, cultura e tradición, pero tamén con futuro.

A secretaria xeral do PPdeG, Paula Prado, valorou o apoio maioritario da mocidade galega ao Partido Popular nas urnas, fronte ao “socialismo de promesas baleiras e ao independentismo sen futuro

real”. Pola súa banda, a presidenta local do PP, Sandra Vázquez, puxo en valor “a proximidade, o compromiso e a positividade” de Fernández, agradecendo tamén ao novo equipo o paso adiante como exemplo para a mocidade vilalbesa.

Tamén entrevistou a presidenta autonómica de Novas Xeracións, Nicole Grueira, quen afirmou que este congreso demostra que a mocidade galega está “máis activa, máis preparada e máis comprometida ca nunca”, e salientou o crecemento e renovación da organización xuvenil en todo o territorio. O presidente provincial, Miguel Gallego, insistiu na importancia de que a mocidade participe na construción dun futuro con oportunidades e anunciou que ao longo do verán seguirán a celebrarse novos congresos e actividades por toda a provincia.

A executiva local que liderará Celine Fernández estará composta por nove mozos e mozas de entre 21 e 29 anos, con formacións e ocupacións diversas: Sandra de Bernardo será a secretaria xeral; Carlos López Lozano, coordinador; Cristina Muñiz, responsable de redes sociais e comunicación; Adriana López Eimil, responsable de Medio Rural; José Manuel Noche, de Deportes; Eva Pardo, de Políticas para a Xuventude; María Vázquez, de Empresa e Comercio; Carlos Rivas, de Tecido Asociativo; e Uxía López, de Cultura.

Sete Pontes pasa a ser Asociación de Empresarios de Vilalba

A Asociación de Empresarios Sete Pontes celebrou a súa Asemblea Xeral Ordinaria no restaurante Montero. O encontro serviu para facer balance do ano 2024, marcar as liñas de traballo para o 2025 e aprobar importantes novidades estruturais para o futuro da entidade.

A sesión comezou coa presentación e aprobación das contas anuais do exercicio 2024, nas que se destacou que a asociación pechou o ano con superávit. Este resultado foi posible grazas a unha serie de medidas adoptadas ao longo do ano que permitiron avanzar cara ao gran obxectivo estratéxico da entidade: a autosuficiencia económica. Esta meta, marcada dende anos atrás e asumida pola actual directiva, é clave para garantir que a asociación poida seguir achegando valor aos seus socios, mantendo a súa actividade con recursos propios e con estabilidade a longo prazo.

Tamén se aprobaron modificacións nos estatutos e na identidade visual, entre as que destaca o cambio de denominación: a partir de agora, a entidade pasa a chamarse Asociación de Empresarios de Vilalba, unha decisión consensuada e xa adiantada na asemblea do ano pasado, que



busca reforzar a vinculación coa vila. Realizouse o balance do ano 2024, no que se destacou o inicio da execución do Plan Estratéxico da asociación, aprobado en marzo do pasado ano e comezado a aplicar desde ese momento. No ámbito do comercio, a entidade logrou o recoñecemento como Centro Comercial Aberto (CCA), o que permite acceder a unha liña de subvencións da Xunta de Galicia que está a facilitar a realización de campañas de dinamización ao longo do ano. Esta liña de traballo, xa consolidada, ten continuidade asegurada polo menos ata 2029, o que garante unha estabilidade na programación de accións en apoio ao tecido comercial local.

CONVENIO. A concelleira de Comercio, María Xosé Fernández, e a responsable da área de comercio da Asociación de Empresarios de Vilalba, María Carballeira, formalizaron a firma do convenio de colaboración entre o Concello e a entidade empresarial para o impulso do comercio local.

Mediante este acordo, a Concellería de Comercio destina 8.000 euros á Asociación de Empresarios para o cofinanciamento das actividades de dinamización comercial ao longo do ano 2025. Esta colaboración reforza a estratexia do Concello de delegar na Asociación a planificación e execución das campañas de promoción do comercio vilalbés.

O Concello terá unha subvención para auditar o servizo de augas

O Concello de Vilalba vén de recibir a resolución favorable por parte de Augas de Galicia para a concesión de 14.758,13 euros destinados á realización de auditorías sobre o sistema de abastecemento de auga municipal. Dito proceso de análise permitirá elaborar plans de actuación para minimizar as perdas de auga. Nesa liña, “para reducir e mesmo neutralizar as perdas de auga será necesario obter outras axudas de abastecemento por parte de Augas de Galicia que nos permita facer unha nova

captación”, explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

Rouco amosouse “satisfeita por acadar esta axuda tan necesaria que nos permitirá analizar con detalle o noso sistema de abastecemento; parte fundamental do ciclo da auga na nosa vila co que nos comprometemos dende a nosa chegada ao goberno local”.

Nese sentido, o Concello de Vilalba “amosou sempre a urxencia de que a Xunta de Galicia investira no ciclo da auga da nosa vila, posto que as

instalacións actuais son notoriamente insuficientes para asegurar a demanda e as necesidades crecentes de subministro do concello, fundamentalmente as do polígono industrial”, explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

Así, o primeiro paso será levar a cabo as auditorías destinadas a detectar as perdas de auga para logo “intentar conseguir fondos por parte de Augas de Galicia que nos permitan mellorar o sistema de abastecemento e facer unha nova captación de auga”.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

“Este libro tecino coa imaxinación e cos fíos de vivencias propias e alleas”

Manuel Castro Santamariña vén de publicar ‘A noite que se foi a luz’, a súa primeira novela

Manuel Castro Santamariña (Guitiriz, 1958) vén de publicar a súa primeira novela, *A noite que se foi a luz*, unha narración entrañable que arrinca cun apagón durante unha noite de temporal na casa dos avós. O seu autor é un mestre retirado e unha figura amplamente vinculada á defensa e divulgación do patrimonio cultural galego. Ao longo da súa traxectoria docente, exerceu nos colexios de Cariño, As Pontes, Aranga, Xermade e Vilalba, deixando pegada alí por onde pasou.

Comprometido co movemento cultural do país, formou parte da AC Xermolos de Guitiriz e do Centro Cultural e Recreativo de Vilalba. Desde a fundación do Instituto de Estudos Chairegos (Iescha) no ano 2000, integrou a súa xunta directiva, asumindo a presidencia entre os anos 2009 e 2017. A súa paixón polo patrimonio inmaterial quedou tamén recollida en publicacións colectivas, revistas e colaboracións en programas de radio e televisión. No ano 2013 publicou *Cancioneiro das terras de Aranga*, editado pola Deputación da Coruña, un traballo ao que dedicou esforzo e ilusión para preservar a memoria musical das nosas terras.

Actualmente reside en Vilalba, está casado e é pai dun fillo, ao que dedicou con orgullo o seu libro, mantendo viva a súa implicación co patrimonio e coa identidade cultural galega.

Como xurdiu a idea da novela?

Anteriormente teño colaborado con traballos de menor entidade en revistas e publicacións colectivas. A idea de escribir unha obra coa temática desta xa levaba anos na miña cabeza. Foi durante a pandemia cando me puxen con ela.

Canto tempo lle levou escribila?

Arredor dun par de anos. Fun escribindo sen présa, unhas veces con máis intensidade que outras. A principios de 2023 xa estaba rematada, pero logo viñeron as correccións, o traballo de maquetado, elixir portada, unhas pequenas ilustracións, decidir a edición, ... Todo iso leva o seu tempo. Por certo, quixera manifestar o meu agradecemento ás persoas que fixeron posible que o libro sexa unha realidade, especialmente Arturo Gómez Mato, autor do maquetado e portada; e Alfonso Blanco Torrado, responsable de Xermolos, como editor.

Fálenos un pouco do que atopamos nesta obra.

Atopamos comunicación interxeracional, etnografía e patrimonio inmaterial. Mais tamén elementos para a reflexión como a influencia das pantallas na relación familiar e social, o idioma, o machismo-feminismo e mesmo a fragilidade da vida. Tratei de transmitir mediante este formato novelado que hai mundo máis alá das pantallas, sexan de móbil, de consolas ou de televisor.

Onde se está vendendo e que aceptación ten?

Quen editou e distribúe é a asociación Xermolos e mais a Irmandade Manuel María. Penso que está a ter moi boa aceptación, polos comentarios que me chegan. É un libro doado de ler e que resulta moi próximo. Os maiores pódense ver retratados na historia que se conta, e aos máis novos sêrvelles para achegarse á nosa sociedade de hai unhas décadas e a reflexionar sobre a nosa realidade social e cultural.

Xa está traballando nun novo proxecto?

De momento non. Hai ideas latentes



pero que aínda non empezaron a agromar.

Cal foi a fonte de inspiración? De que se nutre para crear os personaxes e as historias?

Dicía o noso benquerido Agustín Fdez Paz que escribimos cos fíos da vida, que todos temos o noso Macondo particular. E efectivamente, esta obra eu tecino coa imaxinación, mais tamén con fíos de vivencias propias e alleas.

Se lemos o libro por onde pasearemos?

A historia está localizada en Guitiriz, nun ambiente rural actual. Aparecen tamén outros lugares da Terra Chá e arredores.

Atópase tamén algún perfil autobiográfico?

Como xa comentei anteriormente, a obra non é autobiográfica aínda que hai algunhas realidades e vivencias persoais que aparecen reflectidas nela.

A súa profesión como mestre e a súa experiencia vinculado ao apoio á cultura achegaron algo a esta novela?

Evidentemente. Precisamente no

traballo diario cos rapaces ao longo dos anos e onde fun observando o deterioro cultural e o empobrecemento lingüístico que estamos a experimentar. O medio rural foi a reserva do noso idioma e das nosas tradicións. Na actualidade o rural esmorece, queda sen xente. Mudan ademais as formas de produción e mesmo as formas de vida; e por riba os medios de comunicación, absolutamente maioritarios en castelán, contaminan de xeito brutal a nosa lingua. Esta realidade é a que tentei poñer de relevo neste libro. Supoño que o breve vocabulario que engadín ao final obedece tamén ao meu espírito docente.

É complicado entrar no mundo da literatura e vivir disto?

Penso que si, as dúas cousas, sobre todo a segunda; pero a min nin de lonxe me pasou pola imaxinación ningunha delas. Con esta obra non pretendo poñer un marco na literatura galega, nin moito menos. A miña intención non pasa de documental e etnográfica. Se ademais resulta amena e axuda a reflexionar xa me dou por satisfeito.



Alumnos do IES Basanta Silva gañan un dos premios Innovatech FP

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, presidiu a entrega de premios da segunda edición do certame InnovaTech FP a centros da Coruña, Culleredo, Ferrol, Lugo, Vilalba, Maceda, Ourense, Xinzo de Limia, Pontevedra e Vigo, dotados con 10.000 euros para o desenvolvemento do proxecto.

Román Rodríguez destacou o éxito de InnovaTech, “en cuxa primeira edición participaron 10 empresas, nesta segunda foron 20 e moitas delas repetiron”.

Recalcou tamén o conselleiro que con estas iniciativas “promovemos o emprendemento entre os máis novos, dado que os gañadores van poder agora intentar facer realidade as súas propostas”, explicou.

O EIS Lois Peña Novo foi gañador no reto 9, unha plataforma dixital para a xestión optimizada de recursos e persoal en grandes eventos.

Os rapaces gañadores presentaron como solución unha plataforma dixital que optimiza a xestión de recursos e persoal en grandes eventos, mediante unha aplicación para organizadores e outra para asistentes. Facilita comunicación, seguimento en tempo real, predición de necesidades e mellora a eficiencia, sostibilidade e experiencia global dos eventos.




CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ
LATERALES
ABATIBLES
MODELO MEIRA



ENCAMADORA DE
CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³
Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA



EXTENDEDOR
DE SILO
MODELO
VIMIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS
DE Ø 80/225 E
Ø 100/240



CUCHILLA MAÍZ
MODELO CORISTANCO







RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS
AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com



Encargan o proxecto da cuberta do pavillón no IES Moncho Valcarce

A Xunta encargará nestas próximas datas a redacción do proxecto para a substitución da cuberta do pavillón do IES Moncho Valcarce de As Pontes de García Rodríguez. A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, e o director territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Indalecio Cabana, mantiveron unha reunión coa dirección do centro á que se lle trasladou a previsión que existe para a execución dos traballos necesarios que deben acometerse na cuberta do pavillón.

Así o departamento autonómico anunciou a próxima redacción do proxecto co obxectivo de que as obras poidan ser executadas en 2026, cunha estimación das mesmas no entorno dos 100.000 euros.

A delegada territorial sinalou que esta actuación enmárcase no Plan de nova arquitectura pedagóxica, a folia de ruta coa que o Goberno galego está modernizando os centros de ensino, converténdolos en instalacións máis eficientes, sostibles e

axustadas ás necesidades educativas actuais.

“Continuamos planificando as actuacións de xeito progresivo en función das necesidades que requiren os diferentes centros educativos”, indicou Aneiros quen lembrou que en Galicia hai actualmente máis de 1.600 edificios cunha antigüidade media de 40 anos.

Esta noticia responde tamén á concentración diante do IES Moncho Valcarce convocada pola ANPA do centro, coa participación de alumnado, profesorado e familias. A mobilización tivo como obxectivo esixir á Xunta de Galicia unha intervención inmediata para arranxar o pavillón e outras instalacións que presentan un grave deterioro.

A asociación de nais e pais denunciara nas semanas previas as importantes deficiencias estruturais do instituto, que —segundo indicaron— poñen en risco a seguridade e o benestar do alumnado. Con esta acción reivindicativa quixeron facer visible a situación do centro e presionar para que se adopten solucións sen máis demoras.

Rehabilitarán o firme na avenida das Veigas e na rúa Pardo Bazán

O Concello das Pontes ven de aprobar o expediente de licitación do proxecto de mellora do firme na Avenida das Veigas e na rúa Pardo Bazán, dúas arterias principais do entramado urbano que presentaban sinais evidentes de deterioro.

As actuacións, cun orzamento de 79.421,08 euros, con cargo á Deputación da Coruña, están centradas na rehabilitación superficial e estrutural dos viarios, co obxectivo de garantir unha circulación máis segura, cómoda e eficiente tanto para vehículos como para peóns.

O plan inclúe tarefas de limpeza e preparación das marxes, fresado do firme deteriorado, regularización de zonas deformadas, reparación de fochancas con mestura bituminosa e a instalación dunha nova capa de aglomerado asfáltico en quente. Ademais, está prevista a renovación da sinalización horizontal, para unha mellor organización do tránsito.

Desde o concello das Pontes apuntan que “estas obras forman parte do noso compromiso cunha vila máis segura, accesible e adaptada ás necesidades da veciñanza. Estas actuacións non só melloran a estética e funcionalidade das rúas afectadas, senón que tamén contribúen a reducir o risco de accidentes e a prolongar a vida útil da infraestrutura.

GOENTE. O alcalde Valentín González Formoso, acompañado polo concelleiro de Obras e Urbanismo, Roberto Rivera desprazouse ata a parroquia de Goente para supervisar o avance das obras de mellora de servizos e seguridade viaria na estrada AC-564, na súa marxe dereita. Durante a visita, o rexedor destacou a importancia desta intervención



para a mellora da calidade de vida da veciñanza e anunciou que o Concello está xa a traballar nun novo proxecto que permitirá conectar, a través dunha senda, o núcleo da parroquia de Goente co cemiterio das Congostras, dando resposta a unha demanda histórica da veciñanza e reforzando a seguridade peonil.

As obras actualmente en execución, cun investimento de 150.658 euros financiados pola Deputación da Coruña, abranguen a reposición dos servizos de saneamento, abastecemento e iluminación, así como a mellora da beirarrúa existente entre os puntos quilométricos 17.200 e 17.800, dando continuidade á mellora integral desta vía, iniciada no ano 2019 coa intervención na marxe esquerda.

MULTIDEPORTE. Tamén visitou as obras de execución dunha pista multideporte no Poboado da Magdalena e a mellora da contorna.

O proxecto, cun orzamento de 181.427 euros, con cargo á Deputación da Coruña, ten como obxectivo prioritario mellorar a funcionalidade, seguridade, eficiencia enerxética e sustentabilidade dunha das prazas

interiores do Poboado da Magdalena mediante a instalación dunha pista multideporte e o acondicionamento da súa contorna, que permitirá a reorganización do espazo tendo como prioridade o lecer e a convivencia, creando un ámbito de xogo multideporte, renovando os itinerarios pavimentados, adaptándoos ás características dos xa remodelados na contorna.

Así os traballos comezaron coa demolición dos elementos existentes para, a continuación proceder a execución da soleira de formigón sobre a que se instalará unha pista de 20 metros de longo por 10 metros de ancho, para a práctica de fútbol, baloncesto e balonmán, formada por unha estrutura realizada en *trámex* composta por módulos de diferentes cores, con dúas portarías nos lados curtos, sobre as que se colocarán os taboleiros de baloncesto, completándose o equipamento con dous taboleiros de minibásquet. Posteriormente executarase a contorna da pista con formigón armado de cor similar ao executado na praza principal do Poboado e amoblarase con bancos, papeleiras e xardineiras.

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLINICA DEL PIE

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

- **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRUGÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS
- **TRATAMIENTOS CON LASER**
• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**
• **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS
- **ECOGRAFÍA**

ATENCIÓN A DOMICILIO
HORARIO DE VERANO
Lunes, miércoles y viernes
de 9:00 a 15:00h.
Martes y jueves de 9:00 a 20:00h.
Campo de Puente, 20 Bj.
Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65
Urgencias: 609 72 97 12

¡PREPÁRATE PARA DISFRUTAR DEL VERANO EN CASA!

constru fer
Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

O VERÁN EN VILALBA

PISCINAS EXTERIORES DA MADALENA

As piscinas da Madalena estarán abertas ata o 31 de agosto, en horario de 12:00 a 20:00 de luns a domingo.

Un complexo lúdico que conta con tres piscinas: unha infantil, unha de natación para uso deportivo e outra recreativa.

Como novidade, este ano incrementouse a zona verde do recinto, o que permitiu aumentar o aforo das instalacións.

As asociacións que figuren no rexistro municipal poden solicitar a entrada gratuíta ás instalacións en horario de 12:00 a 14:00 no Concello.



DOMINGOS DE FEIRA E BAILE

Continuando coa iniciativa posta en marcha dende a Alcaldía, o domingo de feira de cada mes de verán tamén se celebrará o domingo de baile.

Unha xornada para o público xeral no Centro Cultural de 17:00 a 20:00 horas, na que actúa un dúo musical e se fai un sorteo gratuíto.

Outra proposta recentemente posta en marcha dende a Alcaldía da man da Concellería de Feiras e Mercados, foi a dinamización da Praza de Santa María e a súa contorna con propostas diferentes os domingos de feira; que tamén continuará durante o verán.



A nova planta de ENCE xera preocupación polo seu impacto ambiental

A recente aprobación por parte da Xunta de Galicia da Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorable para a nova fábrica de fibras de ENCE nas Pontes vén de levantar numerosas críticas pola súa repercusión sobre o medio natural, nomeadamente o río Eume e as próximas Fragas, declaradas parque natural e Zona de Especial Conservación (ZEC). A planta, que se emprazará na antiga balsa mineira das Pontes, ten como obxectivo producir arredor de 100.000 toneladas anuais de fibra de celulosa branqueada a partir de cartón reciclado, destinada á fabricación de papel tisú. “Porén, a empresa non aclara se esta segunda fase de produción se levará a cabo nesta mesma instalación ou noutros centros que posúe”, explican desde a agrupación ecoloxista Adega.

ENCE insiste en que se trata dun proxecto enmarcado na economía circular, ao empregar materia prima reciclada e non incrementar, segundo afirma, a demanda de madeira de eucalipto. A Xunta mesmo reproduce este argumento na súa resolución. Non obstante, especialistas de Adega alertan de que a produción de papel tisú require na práctica mesturas de fibra reciclada con fibra virxe —esta última procedente, previsiblemente, de eucalipto dos montes galegos—, “o que desmente en parte o discurso de circularidade”. “Ademais, a fábrica contará cunha planta de cogeneración de 20 MW térmicos que usará biomasa forestal de proximidade como fonte enerxética, o que implicará un consumo estimado de 60.000 toneladas anuais de eucalipto.

O Concello das Pontes esíxelle a Einsa Print a retirada do ERE

Unha representación de traballadores e traballadoras de Einsa Print concentrábanse nas instalacións que ten a empresa no polígono pontés de Penapurreira para esixir a retirada do ERE presentado pola dirección a principios do mes de xuño. A esta concentración tamén acudiu unha representación de tódolos grupos políticos da corporación municipal das Pontes, e a concelleira delegada de industria, Ana Pena, leu unha declaración institucional para amosar o seu apoio e sumarse ás esixencias do cadro de persoal de Einsa Print. Nesta declaración institucional púxose de manifesto o acordo unánime da corporación municipal para esixirle á dirección da empresa a retirada deste expediente de regulación de emprego, respectando as condicións asinadas o pasado 2024 cos repre-



sentantes cos traballadores, no que a empresa adquiría un compromiso de mantemento de emprego e actividade ata decembro do 2026. O obxectivo desta declaración institucional, en palabras da concelleira Ana Pena é a de “velar por un correcto e xusto proceso de negociación iniciado polo comité da empresa e a dirección de Einsa Print”

Tamén acordaba a corporación municipal dar traslado por unha banda á consellería de emprego da Xunta de Galicia, ao Miteco e ao Instituto de Transición Xusta da situación na que se atopan actualmente máis de 100 traballadores e traballadoras de Einsa Print que se van ver afectados por este expediente de regulación de emprego.

ENVELLECIMENTO ACTIVO



A concelleira de Benestar Social, Tania Pardo, clausurou as actividades do programa de envelhecimento activo. O programa, no que participaron 85 persoas desenvolveuse entre os meses de marzo e xuño, con sesións semanais, dunha hora e media de duración, nas asociacións veciñais Lembranza da Vila, Vincallo, Focapa, A Magdalena, Goente, Marraxón e As Campeiras.

Os traballadores do Concello continuarán coas mobilizacións

O Comité de Empresa do Concello e os delegados de persoal continuarán coas medidas de presión para esixir a aprobación da Relación de Postos de Traballo (RPT). Así se acordou nas dúas asembleas de traballadores, e nas que representantes tanto do persoal laboral coma dos funcionarios deron conta da falla de avances na aprobación de dito documento. Tras realizar varias concentracións estes días atrás e colocar pancartas reivindicativas en diferentes puntos do municipio e en distintos actos multitudinarios, Comité de empresa e delegados de persoal

anuncian que estarán presentes en cada acto público municipal para dar a coñecer as súas demandas. Tal e como denuncian, a día de hoxe, “séguense a rexistrar salarios inferiores ao salario mínimo interprofesional (SMI), en departamentos coma o da limpeza ou Servizo de Axuda no Fogar”. A esta situación engaden a merma do cadro de traballadores municipais con continuas amortizacións de prazas que dan lugar a situacións coma a do departamento de Obras que pasou de ter case medio cento de traballadores en 2007 a pouco máis dunha ducia.

Luis Torrente expón na Casa Dopeso

A Casa Dopeso acolle ata o 24 de xullo de 2025, a exposición de debuxos do artista Luis Torrente titulada *As Pontes é un pobo eléctrico*. Esta mostra forma parte da programación cultural de xuño impulsada polo Concello das Pontes, e ofrece unha visión artística e persoal da vila a través da mirada do debuxante. A exposición poderá visitarse de luns a venres en horario de 09:00 a 14:30 horas. Para asistir en sábado, recoméndase consultar chamando ao teléfono 981 44 03 44. A proposta busca poñer en valor a identidade local mediante a expresión plástica, converténdose nun punto de encontro entre a cultura, a historia e a creatividade contemporánea.



RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzas 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56



Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465

Avanzan o programa das festas do Quince e quecen motores en xullo

As Festas de Meira 2025 en honra á Nosa Señora e San Roque xa teñen parte do seu programa, e o concello convida á veciñanza e visitantes a participar desta cita referente do verán na comarca.

O día 14, dedicado ao Día do Neno, contará pola tarde coa actuación da Banda de Música de Meira ás 19:30 e a Charanga Louband ás 20:15, antes do pregón que será ás 22:15, dando paso á verbena coas orquestras Cinema e Hermo.

O día 15 celebrárase a misa solemne e procesión coa Banda de Música de Meira ás 13:00, seguida dunha sesión vermú co Grupo Fénix, e ao longo da mañá realizarase unha escultura en directo da man de Eugenio Linares. Pola tarde, ás 18:00, O Mago Paco ofrecerá o seu espectáculo dentro do programa Móvete da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, seguido dun grupo de música tradicional dentro do programa Tradigalu. A verbena dese día estará amenizada polo Grupo Fénix e Charleston Bigband.

O 16 de xullo, a festa continuará coa saída da igrexa e procesión á Capela de San Roque ás 12:30, acompañada pola Banda de Gaitas de Meira, e sesión vermú co Grupo Eureka, ademais de actividades de 3x3 pola tarde no Plantío. A verbena correrá a cargo de Eureka e Combo Dominicano.

Finalmente, o 17 de xullo pecharanse as festas coa tradicional xira campestre, sesión vermú co dúo Tropical, charanga pola tarde e verbena co dúo Tropical e DJ Casanova, garantindo animación continua du-

rante catro días de música, actividades culturais e ambiente festivo.

XULLO. O Concello de Meira arrancou o seu programa de actividades culturais para o mes de xullo baixo o título Verán de Lecer 2025. A proposta inclúe visitas guiadas, rutas de sendeirismo e concertos ao aire libre. As visitas guiadas terán lugar todos os martes de xullo ás 17:00 horas, con saída dende a Oficina de Turismo. O día 8 visitarase o vello mosteiro na actividade titulada De pontes para dentro. O 15 farase un percorrido desde a igrexa ata o cemiterio de San Roque co lema Os adeuses eternos. O día 22 será a quenda do cemiterio da Salgueira co itinerario Das mámoas aos cemiterios. Os adeuses eternos. 2, e o 29 pecharase o ciclo cunha visita á arquitectura modernista baixo o nome As outras caras de Meira.

As andainas, os xoves, tamén saíran da Oficina de Turismo ás 17:00 horas. O 17 de xullo terá lugar a ruta con Avelino Díaz, o día 24 explórase o espazo natural das fontes de Meira e o 31 percorrerase a zona da Salgueira. Os venres serán días de música nas prazas do concello, con concertos organizados pola Escola de Música Municipal de Meira. Hoxe, 4 de xullo ás 20:30 horas actuarán os grupos de acordeóns e clarinetes na Praza do Convento. O venres 11, tamén ás 20:30, o protagonismo será para o vento-metal, a percusión, as gaitas e o coro na Praza do Concello. Finalmente, o día 18 pecharase o ciclo musical na Praza Maior cos saxos, frautas e a prebenda.



O CEIP Poeta Avelino Díaz de Meira sométese a unha reforma integral

O CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz do Concello de Meira está a ser obxecto dunha rehabilitación integral cun investimento próximo aos 900.000 euros. As obras comezaron no mes de maio e está previsto que rematen a tempo para o inicio do curso escolar 2025/2026.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, visitou os traballos en execución e destacou que “se trata dunha actuación de gran envergadura, que responde ao compromiso da Xunta por garantir espazos escolares confortables, seguros e sostíbeis”. Subliñou ademais que esta intervención se insire no Plan de nova arquitectura pedagóxica, a folia de ruta do Goberno galego para modernizar e adaptar os centros educativos ás necesidades actuais do ensino.

A intervención inclúe a renovación integral da envolvente do edificio, cunha atención especial á eficiencia enerxética: substitúese a cuberta por paneis tipo sándwich, restáurase a fachada, cámbianse 92 ventás, 11 portas e 305 luminarias, e reformáronse 1.260 metros cadrados de falsos teitos. Estas melloras contribuirán tanto ao aforro enerxético como á comodidade diaria do alumnado, composto por máis de 180 estudantes.

Deste xeito, a Xunta continúa a súa aposta por dotar os centros escolares de Galicia das mellores condicións para garantir unha educación de calidade, tamén desde o punto de vista das infraestruturas. Con estas actuacións, reafirma o seu compromiso coa creación de espazos máis accesíbeis e sostíbeis, orientados a beneficiar a toda a comunidade educativa.



O popular Emilio Costa substitúe a Enrique Castro na Corporación

Emilio Costa, veciño de Seixosmil, incorpórase como concelleiro do PP no Concello de Meira nesta segunda metade do actual mandato na que o Grupo Municipal Popular “seguirá traballando dende a responsabilidade polo impulso de Meira e os servizos aos nosos veciños e veciñas”.

O presidente do PP de Meira e portavoz municipal, Óscar Fernández, dálle a benvinda ao novo concelleiro “por asumir esta responsabilidade” e destaca que “é unha persoa moi implicada co Partido e, sobre todo, moi implicada coas necesidades e demandas dos veciños e veciñas da parroquia de Seixosmil”.

Costa, que integrará o Grupo Municipal Popular de Meira xunto ao portavoz e a concelleira Sonia Folgueira, manifestou as súas “ganas” e “disposición” para traballar por Meira.

Veciño de Seixosmil e nº4 da candidatura do PP en Meira, substitúe a Enrique Castro que vén de presentar a súa renuncia como edil da corporación municipal por “motivos persoais”.



FESTAS EN CASTRO DE REI 11 - 12 - 13 DE XULLO

Venres 11

CHURRASCADA POPULAR • 22:00 h

Amenizada polo GRUPO BEATRIZ e DISCO FÁBREGAS

Sábado 12

Misa solemne • 13:30 h

Sesión vermú amenizada pola ORQUESTA D'NOCHE

Verbena coa ORQUESTA D'NOCHE e o trío MAR DE CAIÓN

Domingo 13

Misa solemne e procesión • 14:00 h

Sesión vermú e verbena coa ORQUESTA GALAXIA



A Deputación comeza o aglomerado en dúas estradas friolesas

A Deputación de Lugo iniciou esta semana importantes traballos de mellora en dúas vías provinciais que discorren polo Concello de Friol. O investimento total ascende a preto de 226.000€ e as obras afectan aos primeiros dous quilómetros das estradas LU-P-2105, que conecta o empalme de Prado con San Paio de Naria, e LU-P-2115, que une O Vento con Santa Marta, na parroquia de Vilalvite. Comezaron os traballos do esten-

dido do aglomerado en quente e continuarán coa reposición da sinalización nos dous primeiros quilómetros de ambas vías, mellorando a seguridade da circulación nestes tramos que son moi empregados polos veciños e veciñas do municipio friolés.

A empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL é a que está a levar a cabo a rehabilitación do firme destas obras que se prevén estean rematadas a finais deste mes de xuño, se a climatoloxía o permite.

Chegan ao seu fin as Olimpíadas Rurais cunha ampla participación

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, fixo este luns unha valoración moi positiva das II Olimpíadas Rurais de Galicia, que se celebraron esta fin de semana no municipio e que congregaron a 14 equipos participantes nun ambiente de competición, convivencia e festa rural. Expresou publicamente o seu máis sincero agradecemento a todas as persoas que fixeron posible esta segunda edición, tanto participantes como colaboradores e institucións.

Os premios foron para os Lamalexos, de Castroverde, que acumularon 380 puntos, seguidos de os frioleses Juais Team, con 333, e Trasjalaicos, que chegaron a 318.

Santos destacou a implicación e o entusiasmo dos equipos participantes, que contribuíron “de maneira decisiva ao éxito desta edición, cunha competición san e un ambiente memorable”. Subliñou especialmente o esforzo e dedicación das persoas que integraron os 14 equipos que protagonizaron estas olimpíadas, valorando a súa entrega como “in-



valuable”.

O alcalde tamén agradeceu o apoio da Xunta de Galicia, nomeadamente da conselleira do Medio Rural, María José Gómez, “pola súa sensibilidade, implicación e respaldo desde o primeiro momento para facer realidade este evento”. Tamén tivo palabras de recoñecemento para Turismo de Galicia, que xunto coa Consellería financian integramente esta iniciativa. Ademais, Santos puxo en valor o traballo do Colectivo Hércules, organizador do evento, e en especial o seu presidente, Thor López, “que ao lon-

go de todo o ano traballou no deseño do programa e na organización das probas, unha tarefa que merece o noso recoñecemento”.

O alcalde pechou a súa intervención cun desexo de continuidade: “Espero seguir contando co apoio de todos no futuro, e que esta experiencia única e especial fora gratificante para todas as persoas que formaron parte dela”. E rematou cunha mensaxe de entusiasmo para a próxima edición: “Vémonos o ano que vén, nas III Olimpíadas Rurais de Galicia!”.

O BNG pon en valor o traballo das comunidades de montes

A deputada do BNG no Parlamento Galego, Montse Valcárcel, acompañada de Mar Pérez militante do BNG en Friol, visitou os terreos da comunidade de montes de Carballo en Friol.

Os montes veciñais configúranse como un dos principais motores de emprego a nivel local tanto con actuacións de natureza directa do monte, como a mellora da explotación forestal ou o aproveitamento da biomasa, como a través do aproveitamento gandeiro con proxectos realmente agroforestais, ou a produción de cogomelos.

“O monte é unha das principais po-

tencias para a transformación do país, cunha grande capacidade de dinamización económica e creación de emprego”, expuxo a deputada nacionalista.

Avogou pola creación de centros integrais de xestión do monte para apoiar a xente propietaria de terras nas políticas silvícolas, abrir liñas de financiamento para premiar as boas políticas de xestión e fomentar actuacións de maior escala e instrumentos de xestión conxunta. Defendeu tamén que o BNG potenciará a investigación e a ciencia e tecnoloxía aplicadas en favor do sector para mellorar a xestión e o asesoramento.

Recoñecemento á Atención Temperá

A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, acompañada do alcalde de Friol, José Ángel Santos, visitou a unidade de Atención Temperá dos concellos de Friol, Guntín, Rábade, Begonte e Palas de Rei. Alí, destacou que estes recursos ofrecen un servizo personalizado e gratuíto ás familias con nenos de 0 a 6 anos que presentan problemas no seu desenvolvemento.

Na visita, tamén louvou o traballo que realiza esta unidade, que atende a máis de 50 familia, e abordou co rexedor e coas profesionais a proposta de ampliar o servizo para poder atender nenos máis aló dos 6 anos.

A directora xeral destacou que esta unidade forma parte da Rede Galega



de Atención Temperá, que integra a 51 unidades que dan servizo a máis de 200 concellos e atenden a máis de 5.000 nenos e nenas de toda Galicia cun investimento anual por parte da Xunta de 8M€ enmarcado no programa FSE Galicia 2021-2027.

Begoña Abeijón sinalou que a aposta do Goberno galego por este servizo permitiu pasar de dúas unidades de atención temperá abertas no ano 2009 ata as máis de 50 da actualidade, que se seguirán vendo incrementadas nos próximos meses.



CENTRO DE DÍA
Outeiro de Rei
Apertura XA!!!



www.lugocentrobng.gal
bng@outeiro.gal
bngouteiro
bng.outeiro

“Grupo Municipal do BNG Outeiro de Rei”



O Concello licita o asfaltado de vías no rural por 170.000 euros

Aberta a licitación dun proxecto de pavimentación de varios accesos nas parroquias de Xiá, Silvela, Condes, Vilavite e Narla, en Friol, con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2025-2026, por un valor de case 170.000 euros.

As empresas interesadas están en prazo de poder presentar as súas propostas para levar a cabo os traballos necesarios para realizar obras importantes para o Concello de Friol, que suman case 170.000 euros, e que se financiarán con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2025-2026, que financia Agader (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) dependente da Consellería do Medio Rural.

Realízanse pavimentación de accesos aos núcleos de Castorres a Casanova e a O Foxo na parroquia de Xiá, en Corteporcós na parroquia de Silvela, en Macedo e de Macedo a A Dedreira e a Torre na parroquia de Condes, en Carballal e O Rebole na parroquia de Vilavite e en Tódón na parroquia de Narla.

Con estas intervencións melloraranse os accesos ás explotacións gandeiras da zona, e ás vivendas, o



que permitirá optimizar os resultados económicos das explotacións e facilitar a circulación dos vehículos en xeral por esas vías.

Realizaranse os traballos que están reflectidos no proxecto técnico, así como rasanteo de explanadas, extendido de zahorra, asfaltado, formigonado, etc., e tamén se proxectou a limpeza de cunetas, colocación de tubos para que a auga de escorrentía circule con maior facilidade e polos ditos tubos e non deteriore o pavimento dos viais, etc.

A xustificación desta intervención baséase fundamentalmente na necesidade de rexeneración do firme

actual que presenta un deterioro considerable polo continuo paso de vehículos, e polo tanto, necesitan unha mellora para que o tráfico non se vexa limitado nin se poña en perigo a seguridade viaria.

“Todas estas actuacións traerán unha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, pois a mellora de todos estes camiños facilitará o acceso polos mesmos aos habitantes do Concello”, explicou o alcalde, José Ángel Santos, que engadiu que “temos que seguir traballando para que as nosas estradas se manteñan no mellor estado de conservación posible”.

Impartirán cursos de natación en agosto nas piscinas de Friol



O Concello de Friol impartirá cursos de iniciación e perfeccionamento de natación nas novas piscinas municipais a partir de agosto.

Estes cursos, que estarán subvencionados impartiranse do 4 ao 29 do próximo mes e o número de prazas é limitado polo que é importante facer a reserva na piscina antes do 25 de xullo.

Está dirixido a nenos e nenas que naceran en 2021 ou en anos anteriores. Haberá dúas quendas. A primeira será do 4 ao 14 de agosto e a segunda do 18 ao 29.

O prezo será de 20 euros para socios e 30 para non socios.

Regresan á localidade as Festas de Santa Isabel cun amplo programa

O concello de Friol vivirá unha fin de semana moi especial coa celebración das festas na honra de Santa Isabel 2025, que terán lugar os días 12, 13 e 14 de xullo, cun completo programa de actividades que combinará tradición, animación musical e propostas para todas as idades.

A xornada do sábado comezará ás 12:00 horas coa concentración de coches antigos na Praza de España, organizada pola Asociación Lucense de Automóviles Antigos, unha cita xa consolidada que cada ano atrae a numerosos afeccionados do motor.

A continuación, terá lugar un pasarrúas con Xesta Verde de Friol, que animará as rúas e abrirá o ambiente festivo.

Durante o mediodía, a sesión vermú estará a cargo de Tania Veiras y Los Cumbiapop, grupo que tamén actuará pola noite na verbena, compartindo escenario con La Bamba, nunha noite que promete encher a Praza de ritmo e diversión para todas as xeracións.



O domingo comezará cun dos actos máis solemnes das festas: a misa solemne e procesión ás 13:00 horas, acompañada tamén por un pasarrúas a cargo de Los Españoles. Durante a sesión vermú, volverá actuar Los Españoles, que tamén serán protagonistas na verbena nocturna, xunto ao espectáculo de Fania Blanco Show, un dúo artístico que animará a noite do domingo

Santa Cristina, Cospeito
Finca rústica | 4 Dorm | 2 Baños | 168m² | 50.000 €
En la localidad de Santa Cristina, municipio de Cospeito (Lugo), se vende casa de pueblo para restaurar con dos plantas de 84 metros cuadrados cada una. En la planta baja está un hall de entrada, cocina muy amplia, un dormitorio y un cuarto de baño. En la planta alta, hay tres dormitorios con un cuarto de baño y un pequeño hall. En la parte derecha de la casa hay un anexo destinado a cuartos y en la parte izquierda tiene un horno y garaje con tejado nuevo. Frente a la casa hay otra parcela donde está el pozo de agua.

Plaza Suso Gayoso, Vilalba
Local en alquiler | 200 m² | 850 €/mes
Se alquila local acondicionado como cafetería, de unos 150 metros cuadrados y un sótano de 50 metros cuadrados más.

Calle Galicia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 89 m² | 85.000 €
Con una ubicación privilegiada, este inmueble cuenta con 3 dormitorios, sala, 2 baños completos, cocina y calefacción para tu comodidad. Además, podrás disfrutar de todas las ventajas de contar con ascensor y una plaza de garaje incluida en el precio.

Carrizo, Santaballa, Vilalba
Terreno Urbano (solar) | 1.034 m² | 22.000 €
Se vende parcela edificable de 1.034 metros cuadrados, para hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso, se encuentra cerca de la charca del Alligal, aproximadamente a 1 km de la autovía Ferrol-Vilalba.

Calle Abadin, Vilalba
Vivienda unifamiliar | 330 m² | 305.000 €
Se vende vivienda unifamiliar, de unos 330 m², totalmente acondicionada, repartida en bajo y dos plantas. Dispone de garaje para tres vehículos y tiene un terreno a la espalda de 290 m². Ubicación céntrica, teniendo cerca todos los servicios, ambulatorio, guarderías, parques, farmacias.

Calle Campo de Puente 9, Vilalba
Edificio residencial | 476 m² | 200.000 €
En Vilalba (Lugo), se vende edificio céntrico, a reformar, de planta baja, sótano, dos pisos y un bajo cubierta. A sus espaldas tiene un terreno de unos 100 metros cuadrados, en el que hay una construcción en mal estado de 34 metros cuadrados. La edificabilidad de la zona es planta baja y cinco pisos más ático.

Travesía Castros, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 132 m² | 70.000 €
En Vilalba (Lugo), en calle céntrica, se vende piso segundo, sin ascensor, de tres dormitorios y sala, cocina, un baño y una amplia terraza cubierta. Además del piso, la propiedad también podría vender con el mismo, el bajo del edificio de unos 105 metros cuadrados útiles, si es que al comprador le interesase y se llegase a un acuerdo en el precio.

Calle Lameirón, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 650 m² | 90.000 €
Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.

Penelas, Vilalba
Terreno Urbano (solar) | 288 m² | 50.000 €
Se vende solar de 8 metros de frente a la calle Penelas y ocho metros de frente a la Travesía del Chalet de Crespo en la parte trasera. Su edificabilidad es bajo y tres alturas, con un mínimo de bajo y dos alturas.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

O alcalde analiza os investimentos da Xunta



O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, reuniuse co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, para abordar distintas iniciativas de interese para o concello. Entre as máis recentes figura a concesión de 23.800 euros para acometer melloras no parque empresarial de Castro de Ribeiras de Lea, a través da orde de axudas da Consellería de Economía e Industria

para modernizar as infraestruturas dos polígonos galegos. Os investimentos servirán para renovar a sinalización horizontal do parque e para mellorar a xestión de residuos neste espazo. Arias trasladoulle ao rexedor a vontade do Goberno galego de seguir traballando conxuntamente no desenvolvemento de proxectos co fin de garantir o benestar dos veciños e veciñas do municipio.

Exposto o Plan de Ordenación de Predios en Viladonga

O Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria (POPEVA) de Viladonga, Castro de Rei, vinculado á reestruturación parcelaria da zona, xa se atopa en fase de exposición pública. Segundo establece o artigo 21 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, a incorporación a este plan será de carácter voluntario. O prazo para consultar o documento e solicitar a integración provisional permanecerá aberto ata o 17 de xullo de 2025. Durante este período, a veciñanza poderá presentar alegacións dirixidas ao Ser-

vizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo. A documentación pode consultarse tanto na páxina web da Consellería do Medio Rural como na do Concello de Castro de Rei. Ademais, está dispoñible un canal de WhatsApp coas últimas novidades, ao que se pode acceder a través dun código QR incluído no cartel informativo. Para máis información, as persoas interesadas poden contactar co Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo nos teléfonos 982 294 497 ou 982 294 493.

DÍA DE GALICIA



A portavoz nacional, Ana Pontón, reclamou desde Castro de Rei tanto ao Goberno estatal como á Unión Europea que non secunden a escalada belicista iniciada por Israel e EEUU cos seus ataques “ilegais” a Irán e impidan a utilización das bases militares en territorio europeo.

Licitan obras de rexeneración de vías municipais por 282.736 euros

O Concello de Castro de Rei, licita obras de rexeneración en vías municipais por importe de 282.736 euros en distintas parroquias do Concello. Por unha banda con cargo ao Plan Camiña Rural 2025-2026 Agader, licítanse traballos de rexeneración en vías de titularidade municipal nas parroquias de Orizón, Pacios e Ponte de Outeiro por importe de 118.978 euros. Despois, con cargo ao Plan Único da Deputación de 2025, licítanse obras de pavimentación, rexeneración e mellora de vías municipais nas parroquias de Triabá, Duarría, Loentia, Ludrio, Balmon-te, Bazar, Outeiro, Pacios e San Martiño de Goberno, por importe de 163.758 euros. Dende o Concello destacan a necesidade de manter en bo estado



as vías municipais para facilitar os accesos tanto ás explotacións gandeiras como ós veciños que residen nas distintas parroquias do rural, sendo fundamentais estes traballos periódicos de rexeneración de vías para manter a actividade no rural, ó tempo que se trata dunha necesidade periódica

debido ao desgaste que sofren moitas vías do municipio, non só debido ao tránsito continuo, senón á intensidade cada vez máis grande das choivas, que nos meses de inverno e primavera, manteñen asolagadas moitas zonas produtivas do Concello, causando importantes danos á rede viaria.

Castro de Rei prepárase para celebrar as festas na honra a San Xoán

O concello de Castro de Rei acollerá os días 11, 12 e 13 de xullo as tradicionais festas na honra a San Xoán, cunha programación ampla e para todos os públicos, organizada coa colaboración da veciñanza e distintas entidades locais. As celebracións darán comezo o venres 11 de xullo, cunha gran churrascada popular ás 22:00 horas, na que se prevé unha alta participación. A velada estará amenizada polo Grupo Beatriz, recoñecido pola súa animación musical, e a actuación do Disco Fábregas, que completará unha noite festiva na que non faltarán o baile nin a música ata altas horas. O sábado 12, a programación comezará coa tradicional misa solemne ás 13:30 horas, seguida dunha sesión vermú a cargo da Orquestra D'Noche, que tamén será a encargada da verbena nocturna, compartindo escenario co coñecido trío Mar de Caión. Esta xornada promete ser unha das máis concorridas das festas, combinando os actos relixiosos coa animación musical máis festiva. O broche de ouro chegará o domingo 13 de xullo, cunha nova

xornada de celebración que incluírá misa solemne e procesión ás 14:00 horas, seguida dunha sesión vermú e verbena a cargo da espectacular Orquestra Galaxia, que porá o punto final a tres días de festa, tradición e encontro comunitario. Dende o Concello e a organización convidan a toda a poboación e visitantes a participar e desfrutar dunhas festas que combinan tradición, música e bo ambiente, mantendo vivo o espírito de San Xoán no corazón da Terra Chá. **CAMPAMENTO MUSICAL.** A localidade de Castro Ribeiras de Lea, en Castro de Rei, organiza un campamento musical, o cal terá lugar do 4 ao 8 de agosto dirixido a pequenos de 3 a 13 anos que se desenvolverá no edificio da antiga biblioteca de Castro Ribeiras de Lea, na praza de Galicia. O horario será de 9.30 a 14.00 horas con actividades musicais, deportivas e xogos. O prezo xeral será de 35 euros por neno. Todo aquel que se queira inscribir, deberá facelo antes do 28 xullo chamando ao teléfono 614 533 273 ou no correo gandaina@gandainaeventos.com

O Museo do Castro de Viladonga celebra o Campamento Castrexo ata finais do mes de agosto

O Museo do Castro de Viladonga abriu o Campamento Castrexo, unha actividade lúdica e educativa destinada a nenos e nenas que queiran coñecer de preto a vida e a cultura dos antigos poboados castrexos. As familias interesadas poderán inscribir aos seus fillos e fillas chamando ao 982 870 160. Para formalizar a inscrición será obrigatorio cubrir e asinar o formulario correspondente, dispoñible para descarga no perfil do museo ou na súa páxina web. O formulario tamén se pode recoller de maneira presencial nas instalacións do propio museo. O campamento desenvolverase en catro quendas distintas, todas en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres laborables, e contará cun máximo de 15 participantes por quenda. A primeira quenda terá lugar do 30 de xuño ao 11 de xullo (10 días); a segunda, do 14 ao 24 de xullo (9 días, con 1 festivo); a terceira, do 28 de xullo ao 8 de agosto (10 días); e a cuarta, do 11 ao 22 de agosto (9 días, tamén con 1 festivo). O Campamento Castrexo do Museo de Viladonga é unha oportunidade para que os máis pequenos aprendan, xoguen e descubran a historia dun xeito divertido, nun contorno único e cheo de valor patrimonial.



XXX FEIRA DA CANTERÍA, CALLOS E ARTESANÍA

Campeonato Galego de Andadura
Obradoiro infantil
Na Casa Zoqueiro
Grupos Municipais de Música
A Banda Da Balbina



Actuación enmarcada dentro do
programa Cultura no Camiño



20 DE XULLO PARGA (GUITIRIZ)

Organiza:

concello de
GUITIRIZ



ASOCIACIÓN DE
VECÍÑOS DO CAMPO
DA FEIRA DE PARGA

Colabora:



Comunidade de Montes Verdeais
en Man Común
Santo Estevo de Parga

O Festival de Pardiñas celebrará a XLVI edición os días 1, 2 e 3 de agosto

A Asociación Xermolos, organizadora do histórico Festival de Pardiñas en Guitiriz, vén de anunciar as datas da XLVI edición deste evento, declarado Festa de Interese Turístico Galego. Este ano 2025, o festival desenvolverase durante os días 1, 2 e 3 de agosto, mantendo o seu espírito tradicional e a súa ampla variedade de actividades culturais. Segundo informan desde a organización, a programación será semellante á do ano pasado, combinando música, tradición e participación popular. Así, o festival contará con actuacións musicais, cantos de taberna, mostra de artesanía, carreira popular, exposición de instrumentos de música tradicional, obradoiros, espectáculos infantís e moitas outras propostas para todos os públicos. O que se coñece xa é o cartel, que realizou Estudio Aldea, habituais



desta cita coa música galega. O Festival de Pardiñas consolidouse como un dos eventos culturais máis emblemáticos de Galicia, sendo un punto de encontro para amantes da música e das tradicións populares, nun ambiente festivo e familiar.

Dúas rapazas de Guitiriz gañan os premios do certame PuntoGal

O VIII Concurso de microrrelatos que organizan a Real Academia Galega e PuntoGal xa ten gañadores. Na modalidade xuvenil os dous primeiros premios son para as veciñas de Guitiriz Yanira Ansede Iglesias (2008) e Mencía Rodríguez Lorenzo (2009). Yanira Ansede Iglesias é a gañadora do co relato titulado *No tempo esquecido*. Conta que non escribe moito, pero que ten moitas historias

na cabeza, e gústanlle os coches e o fútbol. Xogo dende os 4 anos e son afeccionada do Dépor”, explica. Mencía Rodríguez Lorenzo conseguiu o segundo con *A chave*. Naceu nunha familia que lle inculcou o amor á lectura, e tamén á escritura, na que se iniciou en 2016 cando, cadrando coas Letras Galegas de Manuel María, a súa avoa paterna a agasalhou cun exemplar de *Os soños na gaiola*.

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

O Pleno reclamará ao Sergas que manteña o consultorio de Parga

O Concello de Guitiriz vén de aprobar por unanimidade, nun pleno extraordinario celebrado este luns 30 de xuño, unha proposta conxunta do PSdeG-PSOE e do BNG para esixir á Xerencia da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte a inmediata marcha atrás na decisión de pechar o centro de saúde de Parga durante os meses de xullo, agosto e setembro. Segundo recolle a proposta, a decisión do Sergas foi coñecida a través de canles non oficiais, sen comunicación formal previa nin xustificación algunha, o que o Concello considera un feito “lamentábel” e “un desprezo tanto para os usuarios e usuarias como para a propia institución municipal”. A alcaldesa, Marisol Morandeira, manifestou no pleno que non recibiu comunicación oficial ata poucos minutos antes do seu inicio, subliñando a gravidade de que o peche se faga efectivo xa mañá, martes 1 de xullo. A xestión do centro de saúde de Parga xa foi obxecto doutras polémicas no pasado, especialmente durante a pandemia, cando se intentou o seu peche definitivo, iniciativa que foi paralizada grazas á mobilización da



veciñanza. Esta nova decisión, unida aos futuros cambios no persoal, cunha médica titular que se trasladará no próximo mes de outubro, a xubilación doutro facultativo en xullo e a presenza do ATS só garantida ata ese mes, alimenta o temor dun posible peche definitivo. Desde o Concello cualifican esta decisión como “desproporcionada e carente de sentido”, lembrando que afecta directamente a máis de 1.500 persoas, que durante tres meses terían que desprazarse ao centro de Guitiriz para recibir atención sanitaria. Esta situación xeraría importantes molestias e un previsible incremento nas listas de agarda. Por todo isto, o pleno do Concello

de Guitiriz acordou por unanimidade Solicitar á Xerencia sanitaria que reconsidere e revogue o peche do Centro de Saúde de Parga; esixir ao Sergas que habilite os recursos humanos necesarios para garantir a continuidade da atención tanto en Parga como en Guitiriz durante o verán e reclamar que se aclaren os plans de futuro para o centro de saúde de Parga a partir de setembro, garantindo a continuidade dos servizos actuais e a recuperación dos que existían antes da pandemia. O Concello reafirma así o seu compromiso coa defensa dos dereitos sanitarios da veciñanza e co mantemento dun servizo público esencial no rural.

Fin da obra no acceso a Ixavara, en Santa Cruz



O Concello de Guitiriz continúa traballando na renovación da súa rede viaria a través do Plan de Mellora de Camiños 2024-2025. Se na anualidade pasada, 2024, realizouse o aglomerado da estrada que conecta Penabico con Candorco, na parroquia de Santa Cruz, agora foi a quenda da estrada de acceso a Ixavara, situada nesa zona. Recentemente rematáronse os traballos de reparación do citado acceso, onde se realizou o aglomerado da estrada. A obra, que se levou a cabo coa segunda fase do Plan de Mellora de

Camiños 2024-2025, contou cun orzamento de 94.305,88 euros. Nos vindeiros meses, o Concello continuará co seu plan de melloras en infraestruturas, cun total de seis actuacións. Por exemplo, no Parque Empresarial realizaranse dúas intervencións, coa adecuación da finca propiedade do Concello, con zona de lavado e aparcadoiro, e a renovación dos vestiarios da nave municipal. Tamén traballarán no acceso a Samesode, e no afirmado da rúa San Xosé en Parga, ademais de actuacións nas parroquias de As Negradas, Os Vilares, Pígaro e Buriz.

Abre o prazo para anotarse ao servizo de conciliación para o novo curso

Abriu o prazo de matrícula para participar durante o curso escolar 2025-2026 en Guitiriz Concilia, dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos de idade. Esta actividade levarase a cabo en dous horarios diferentes, coas opcións de Guitiriz Madrugador e Parga Madrugador a partir das 8:00 horas, que se organizarán no CEIP Lagostelle e no CEIP Santo Estevo de Parga respectivamente, e a opción de Concilia Tardes, que será organizada no CEIP Lagostelle ata as 19:00 horas. A data de inicio será o luns 8 de setembro, estendéndose ata o 19 de xuño. Todas as familias interesadas no curso terán que presentar a solicitude cumprimentada e asinada, ademais do xustificante de pago das taxas, que varían en función da modalidade escollida e que se poden consultar na páxina web municipal. O prazo para presentar as solicitudes finaliza o 31 de xullo. As familias interesadas poden presentar a documentación requirida a través da sede electrónica municipal ou de xeito presencial no Concello.

Parga prepárase para vivir o 30 aniversario da Feira da Cantería

O Concello de Guitiriz celebrará o domingo 20 de xullo unha nova edición da tradicional Feira da Cantería, Callos e Artesanía de Parga, que este ano cumpre o seu trixésimo aniversario, consolidándose como unha das citas máis emblemáticas e queridas do municipio. O evento, organizado polo Concello e pola Asociación de Veciños do Campo da Feira de Parga, conta coa colaboración da De-

putación de Lugo e da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Santo Estevo de Parga. A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, destacou que “esta feira representa o mellor da nosa identidade: o orgullo pola tradición, a excelencia da nosa artesanía, a riqueza gastronómica e o forte tecido veciñal que fai posible cada edición”. A rexedora quixo agradecer de xeito especial á Asociación de Veciños polo seu “traballo incansable e a súa colaboración”, tanto na organización como no apoio económico, e convidou a toda a veciñanza e visitantes a achegarse a Parga o 20 de xullo para gozar dunha xornada “inesquecible de cultura, sabor e comunidade”. A programación incluírá unha ampla variedade de actividades culturais, gastronómicas e festivas pensadas para todos os públicos, mantendo o espírito que fixo grande esta feira ao longo de tres décadas. Un dos pratos fortes será o XXVII Certame de Cantería, no que se premiarán os tres mellores traballos. En paralelo, celebrarase a xa consolidada Mostra de Artesanía, na que artesáns locais e de toda Galicia amosarán e porán á venda os seus produtos, mentres que na zona gastronómica, a partir de media mañá,

comezará a venda das tradicionais racións de callos, ademais de polbo e churrasco, convertendo este día nun dos xantares máis agardados do ano na comarca. A xornada estará amenizada polas actuacións da Banda de Música Municipal, o Grupo de Gaitas Municipal,

Marisol Morandeira:
“Esta feira representa o mellor da nosa identidade”

Na Casa do Zoqueiro e A Banda da Balbina, ademais do tradicional pregón, que este ano correrá a cargo de Manuel Vizcaino, mestre e director do colexio Santo Estevo de Parga, moi querido por toda a veciñanza. Os máis pequenos poderán gozar de obradoiros infantís con actividades lúdicas e creativas, mentres que outro dos momentos destacados será a celebración do Campionato de Andadura Federada 2025, proba puntuable para o Campionato Galego, con seis categorías e un total de 1.800 euros en premios.



CERTAME DE CANTERÍA

Xa están abertas as inscricións para poder participar no XXVII Certame de Cantería de Parga, coas bases e a ficha de inscrición dispoñibles na páxina web do Concello de Guitiriz. Estas estarán abertas ata o 15 de xullo. A organización poñerá a disposición dos participantes as pezas de granito silvestre, pero os canteriros terán que ir provistos das ferramentas manuais que consideren axeitadas. O tema

das obras é libre. Os participantes terán desde as 9:00 ata as 14:00 horas para realizar as súas obras. En total, repartiranse 1.500 euros en premios, con 750 euros para o primeiro, 500 euros para o segundo e 250 para o terceiro. A participación no concurso está limitada a 15 persoas e as inscricións serán admitidas por rigoroso orde. Estas poderanse formalizar a través da Sede Electrónica, de xeito presencial no rexistro do Concello ou a través do correo electrónico turismo@concellodeguitiriz.com.

O Decano da cantería

Ramón Villar picou pedra desde neno como afección, onde se fixo un nome

Ramón Villar Gómez, ou o que é o mesmo Ramón de Pardiñas, é escultor, neto e fillo de canteriro, aínda que non foi ata máis tarde cando decidiu coller o punteiro e a maceta para descubrir que aquel oficio herdado podía converterse nunha paixón que o acompañaría para sempre. Auto-didacta, comezou a picar pedra alá polos sete anos, con curiosidade e disciplina, formándose moito máis tarde en cursos con mestres como Javier Quijada e aprendendo tamén, como di el, “a suar a camiseta” ata conseguir darlle vida á pedra. O seu obxectivo non é a copia, senón a creación. Ramón odia as repeticións e busca que cada peza conte unha historia diferente, “que a pedra fale”. Prefire traballar con pedras duras, as máis difíciles de tallar, porque nelas atopa o reto que o motiva e a canle perfecta para expresarse. Nas súas mans, a pedra convértese en natureza, en auga, en aves que habitan a súa terra chairega, ou en personaxes que van dende os músicos de rúa ata os “santiños” de devoción popular que forman parte da memoria colectiva galega. Pero son as parellas, os namorados, os que confesa

que sempre lle gustaron. Durante anos, Ramón compaxinou outros traballos coa súa paixón pola escultura. Comezaba cedo as súas xornadas laborais e, ao rematar, pasaba as tardes enteiras picando pedra, dando forma a un estilo propio que foi medrando ao ritmo das súas obras. Algunhas delas adornan hoxe espazos do Concello de Guitiriz, deixando pegada da súa arte nas paraxes da súa terra e convertendo en esculturas os recunchos polos que transcorre a vida cotiá. Ramón participou en feiras por todo o mundo e tamén certames, como a Feira do Queixo, e durante anos non faltou á Feira da Cantería de Parga, un lugar no que puido compartir co público a súa maneira de entender a cantería, como disciplina que require esforzo, constancia e respecto polo material. Sen embargo, como di el, os premios escapáronse moitas veces, pero o importante era “sentirse ben co traballo feito”. Con 78 anos, agora xa apartado da competición e lonxe da primeira fila, segue conservando a ilusión e o “gusanillo” de quen ama o que fai, sendo consciente de que a súa función

agora tamén é ensinar a quen queira aprender, transmitindo un oficio e un amor pola pedra que herdou do seu pai e do seu avó, e que el mesmo fixo medrar ata convertelo nunha forma de vida. “Darlle vida á pedra”, di Ramón, non é só un oficio nin un hobby: é unha forma de mirar o mundo nunha pedra calquera, unha ave, unha figura ou unha historia por contar. E esa historia, desde Guitiriz, segue viva en cada unha das súas esculturas.





USC, Concello e Moexmu firman un convenio para o impulso do sector

USC, Concello de Cospeito e a Asociación de comerciantes, empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos de Muimenta (Moexmu) acaban de asinar un convenio marco que rexerá a colaboración entre as diferentes partes coa intención de promover actividades do sector primario, empresarial, medioambiental, cultural ou do patrimonio. O acordo que terá unha duración de catro redonda na modernización do sistema produtivo, así como no desenvolvemento de actividades de investigación, formación e divulgación e no intercambio de experiencias e materias de interese común. Deste xeito, executaranse proxectos e programas de investigación e desenvolvemento, así como programas de formación de persoal investigador e técnico. Ao mesmo tempo, o acordo que deberá materializarse

despois en convenios específicos para cada actividade ou programa, permitirá o asesoramento entre as partes no relativo aos seus respectivos ámbitos de actividade, así como a organización de actividades comúns vinculadas á promoción social da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico. Incentivar o interese da cativada polas actividades para a promoción do pobo e da comarca é outros dos obxectivos deste acordo que tamén se nutre da promoción da artesanía, dos produtos galegos de calidade e do medio rural no seu conxunto. O convenio tamén pon o foco nos cursos de formación e nas charlas informativas dedicadas ao sector agrícola e gandeiro, así como nas demostracións técnicas ou na recuperación de utensilios agrícolas, entre outros aspectos.

EN BREVE

XIMNASIA. A Asociación Cultural Aquilino Iglesia Alvariño, en Muimenta, pon en marcha outro ano máis a actividade de ximnasia de mantemento ao aire libre a cargo de Julia. Terá lugar todos os venres desde o 12 de xullo ao 13 de setembro, de 17.00 a 18.00 horas, no campo da igrexa Vella de Muimenta. O prezo para os interesados que sexan socios é de 5 euros e os que non o sexan teñen que pagar un prezo de 10 euros na mercería Teresa.

CALIGRAMAS. A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño

convoca unha nova edición do V Certame de Caligramas Constanza de Castro, en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es. Neste concurso poderán participar todas as persoas maiores de 12 anos cunha única obra que será en formato e temática libres. O prazo de presentación rematará o 12 de outubro e esta farase no correo electrónico certamespino@gmail.com que se enviará en sobres respectando o anonimato do concursante. O premio consistirá en sendos diplomas e 200 euros para o gañador e 100 para o segundo. Os premios repartiranse no Magosto Cal da Loba.

Formalizada a venda das seis primeiras parcelas do polígono

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, formalizou a sinatura da venda na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos, e ante notario, da venda das 6 primeiras parcelas do polígono industrial de Cospeito, coñecido como parque empresarial de Feira do Monte. Esta operación marca un paso importante no impulso ao desenvolvemento económico e á dinamización do rural, nunha infraestrutura na que a institución investiu 1,3 millóns de euros. En concreto, a institución provincial vendeu as parcelas número 13, 14, 15, 16 e 17 ao empresario Nicolás Pico Yáñez; mentres que a parcela número 27 foi adquirida por un particular. En total, estas seis parcelas suman 6.377 m², cun prezo de venda conxunto de 248.000 euros. O prezo por metro cadrado quedou fixado en 39 euros, grazas á aplicación dunha bonificación do 30 % sobre o prezo inicial de 55,72 €/m². Tras esta operación, quedan 18 parcelas dispoñibles das 24 que conforman o parque, dúas das ca-



les están xa comprometidas e pendentes de formalización. O parque empresarial de Feira do Monte conta cunha situación estratéxica, próxima á Autovía A-6, o que facilita a conexión co resto da provincia e mellora a loxística empresarial. A superficie total é de 56.726 m², dos que as parcelas de solo urbano que se poñerán á venda pola Deputación de Lugo ocupan 22.459 m², mentres que o solo dotacional ten unha extensión de 2.247 m²; os es-

pazos libres 10.849 m²; os viarios e aparcamentos 10.490 m²; e as áreas verdes 10.681 m². No resto dos parques industriais que xestiona a Deputación de Lugo a dispoñibilidade é de 12 parcelas no polígono de Baleira, das 27 existentes; 39 das 51 en Castroverde; 25 en Friol, das 55 coas que contaba este parque; 2 en Ourel das 3 coas que conta; 13 das 19 que había inicialmente no de Paradela; e 2 das 12 iniciais do complexo de Begonte.

Daniel Irimia foi relixido secretario xeral do PSOE

O PSdeG-PSOE de Cospeito vén de renovar a súa dirección local coa elección de Daniel Irimia Yáñez como novo Secretario Xeral da agrupación municipal, nun proceso que culmina coa posta en marcha dun novo proxecto político centrado na revitalización do municipio e na mellora da calidade de vida da veciñanza. Acompañan a Irimia na nova executiva María González Castro, como Secretaria de Organización, e Pablo Albariño Vázquez, como Secretario de Política Municipal. Trátase dunha das direccións locais máis novas da provincia, formada por persoas con menos de corenta anos, "tanto María coma Pablo son dúas persoas honestas, humildes e que procuran sempre o mellor para os veciños, é un orgullo telos ó meu lado", dixo. Daniel Irimia foi o candidato socialista á Alcaldía nas eleccións municipais de 2023. Investigador, escritor e poeta, é tamén o voceiro do Grupo Mu-

nicipal Socialista, desde onde exerce unha oposición firme, propositiva e construtiva, plenamente implicado no seguimento da actualidade local e na defensa dos intereses da veciñanza. Desde a súa chegada á política municipal, Irimia deixou claro o seu compromiso con Cospeito: "non vin aquí a facer o paripé, nin simplemente a participar, vin ganar en 2027 e demostrarlles aos veciños que se pode gobernar doutra maneira, pisando as parroquias cada semana, atendendo as demandas dos veciños e coidando o que temos, quen non o coida, non o valora". Agora, desde a Secretaría Xeral, reitera ese compromiso e pon o foco nas infraestruturas rurais, na fixación de poboación e na mellora dos servizos públicos: "é necesario poñer a punto a maioría das estradas municipais, atender as solicitudes da auga da traída e estender o alumeadado



público, non hai unha soa parroquia onde non haxa un barrio cun estado lamentable", "debemos garantir a permanencia do Centro Médico, ampliar a Escola Infantil e ofertar máis prazas, e por suposto estender o SAF, que actualmente atende a menos de 100 usuarios en todo o concello", "isto é o básico, cando non se atende o básico, de pouco serve o conto". O PSdeG de Cospeito inicia así unha nova etapa con forza renovada e cun equipo que representa a ilusión, a responsabilidade e o compromiso: "o primeiro é Cospeito, o segundo é Cospeito e o terceiro é Cospeito, Cospeito en serio", concluíu Irimia.

gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982516550

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE

Besteiro defende a aposta do Concello polos servizos públicos

O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, valorou en Pol a aposta de concellos socialistas polo mantemento dos servizos públicos no rural fronte á “inoperancia da Xunta”, que está a pechar instalacións públicas, como centros de saúde ou escolas, en pequenas poboacións da xeografía galega.

O líder socialista puxo lugares coma Pol e Ribeira de Piquín coma un exemplo das políticas que defende o PSdeG para o medio rural galego, con proxectos para “xerar economía e xerar riqueza”, e, en consecuencia, asentar poboación. Nese senso, destacou que o goberno de Lino Rodríguez Ónega converteu o municipio lucense “nun referente para toda a comarca, a provincia e incluso con repercusión no estranxeiro”, dado que este verán un equipo da primeira división de fútbol portuguesa realizará unha estancia na cidade deportiva que se está a impulsar.

A construción desas instalacións é, xunto coa recuperación do supermercado local, unha das accións que o goberno local está desenvolvendo para dinamizar o concello, e para o que conta coa colaboración da Deputación lucense. O establecemento, do que carecía o municipio ao pechar o último dese tipo, dará emprego a tres persoas e garantirá á cidadanía non ter que desprazarse a lugares máis afastados para realizar as súas compras. Supón un investimento de 250.000 euros, que se canaliza a través dunha fundación constituída polo propio Concello para a xestión do negocio.

O secretario xeral advertiu que os veciños e veciñas “teñen dereito ao acceso a todos os servizos, con in-



dependencia de onde vivan”, algo que o Goberno de Rueda non está a garantir, como demostran problemas como o empeoramento das conexións do transporte público ou que a maior parte dos pequenos concellos carezan de cobertura próxima en algo tan básico como é a atención pediátrica.

O alcalde, pola súa banda, chamou a atención sobre outra necesidade

que tamén existe no rural como é a da vivenda. Nese senso, lembroulle á Xunta que o Concello de Pol dispón de 6.000 metros de terreo para levantar vivenda pública se a Administración que ten as competencias, quixera impulsala. Rodríguez Ónega criticou que, mentres os concellos deben atender cuestións que son responsabilidade da comunidade autónoma, a Xunta “mira o embigo”.

A Deputación firma un convenio coa fundación

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou este venres un convenio de colaboración coa Fundación Terras de Pol, dotado con 200.000 euros, para a posta en marcha dun supermercado neste municipio.

O único establecemento que había na localidade, explicou García Porto, pechou pola xubilación dos seus propietarios e “grazas a esta achega facemos posible que os veciños e veciñas do concello contengan novamente cun servizo básico e

esencial coma este sen necesidade de desprazarse a outros concellos para mercar”.

O convenio servirá para adquirir o equipamento necesario para poñer en marcha este establecemento: cámaras de frío, conxeladores, estantes, mesas e caixas de cobro, seguridade e control ou portas e persianas automatizadas. Pero ademais, o acordo tamén inclúe os gastos de salario e seguridade social do persoal durante un ano.

Apoio administrativo á ampliación do parque eólico de Monciro

A Xunta ditou declaración de impacto ambiental (DIA) favorable sobre a ampliación do parque eólico de Monciro, nos concellos lucenses de Pol e Castroverde, condicionada, en todo caso, a que se cumpran tanto o recollido no estudo de impacto ambiental e no resto da documentación avaliada, como os condicionantes e o programa de vixilancia que figuran na presente DIA.

O proxecto -cun prazo de execución de sete meses- consiste na execución dun parque eólico de 6,93 megavatios de potencia total nos concellos de Castroverde e Pol (Lugo) composto por dous aerogeneradores e a súa infraestrutura aso-

ciada, incluídos vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe dos aerogeneradores ou gabias de cableado.

Neste sentido, todos os organismos consultados consideran que o proxecto non vai ter impactos significativos nos distintos eidos analizados e que sería viable a súa posta en marcha sempre que se cumpra con certos condicionantes establecidos nos seus respectivos informes con relación a aspectos tales como a protección da atmosfera; augas e leitos fluviais; solo e infraestruturas; xestión de residuos ou protección da fauna, vexetación e hábitats, entre outros.

OBRAS E MELLORAS



Javier Arias, visitou varias dotacións do concello de Pol nas que se desenvolven proxectos de mellora grazas a un investimento da Xunta de case 292.000 euros. Así, o delegado destacou os traballos realizados no acondicionamento do camiño de acceso a Penamazada, en Valonga, e no acceso a Veigas, en Torneiros. Tamén reforzaron o firme da pista de Arcos de Frades e a que enlaza este núcleo con Bouzoá e remodelouse.

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

Sotavento festexa 24 anos como referente en enerxías renovables

O Parque Eólico Experimental Sotavento cumpre este 21 de xuño 24 anos desde a súa posta en marcha na Serra da Loba, entre os concellos de Monfero e Xermade. Nado en 2001 como un proxecto pioneiro no eido das enerxías renovables, Sotavento apostou dende os seus inicios pola produción de enerxía eólica, a investigación aplicada e a divulgación educativa centrada no uso responsable e eficiente da enerxía.

Ao longo destas dúas décadas e media, o parque consolidouse como un espazo de referencia internacional, tanto pola calidade das súas instalacións como pola variedade de proxectos desenvolvidos. Entre eles destacan os sistemas de predición de avarías, acumulación de enerxía con hidróxeno, hibridación eólico-fotovoltaica ou a creación dunha vivenda bioclimática demostrativa. Todos estes proxectos sitúan a Sotavento como un laboratorio vivo para experimentar e demostrar as posibilidades tecnolóxicas do sector.

No ámbito educativo, máis de 310.000 persoas visitaron Sotavento desde a súa apertura, participando en actividades deseñadas

para fomentar a reflexión crítica e participativa sobre o modelo enerxético actual. Cada curso escolar, o parque acolle milleiros de alumnos e alumnas de todas as etapas educativas, así como colectivos sociais, turistas e público en xeral. O interese é tal que cada ano se esgota o número de prazas dispoñibles para as visitas escolares.

Co remate do curso escolar 2024/2025, que contou coa participación de máis de 8.000 estudantes, Sotavento mantén a súa actividade durante o verán con propostas dirixidas ao turismo ambiental, asociacións, persoas desempregadas e familias que desexen coñecer de preto o funcionamento das enerxías renovables.

Ademais, nesta época coincide tamén o peche do prazo para participar no XIII Certame Renovable de Fotografía. Nas vindeiras semanas, o público poderá votar nas redes sociais pola súa imaxe favorita, axudando ao xurado na elección da fotografía gañadora.

Pensando no futuro, o parque prevé unha repotenciación parcial das súas instalacións coa substitución de seis aeroxeradores por dúas novas máquinas de última xeración.

Entregados os premios do certame Xermadeando pola igualdade

O Concello de Xermade entregou os premios do II certame Xermadeando pola igualdade do ano 2025. No acto estiveron presentes o alcalde Roberto García Pernas; a concelleira de Benestar social, Igualdade e Participación Cidadá, Nélida Coira Pena; a concelleira de Educación, Cultura, Deportes e Xuventude, Verónica Amarello Morado, e a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sandra De Bernardo Eimil.

Co gallo de avanzar na consecución do obxectivo común de acadar unha sociedade igualitaria e coas mesmas oportunidades para mulleres e homes, o Concello de Xermade considera imprescindible traballar co alumnado do CEIP de Xermade, ao que convidou unha vez máis a participar nun certame de creación artística escrita e gráfica coa igualdade como temática central.

Un vale para material escolar, un pequeno detalle e un libro que aborda a temática da violencia de xénero, foron os premios que se entregaron



ás persoas premiadas. Tanto os libros como o obradoiro foron financiados con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero. O certame, dividido en tres categorías segundo as idades, premia aos mellores traballos cun vale para material escolar.

Na categoría A, o primeiro premio, dotado cun vale de 50 euros, foi para Yago Cendán Pico. O segundo premio, de 30 euros, recaeu en Mara Piñeiro Campo, mentres que o terceiro

premio, con 25 euros, foi para Sergio Bellas Martínez.

Na categoría B, o xurado outorgou o primeiro premio, valorado en 75 euros, a Elena Gato Ares. O segundo premio, cun vale de 55 euros, foi para Asier Cabarcos Balsa, e o terceiro premio, de 40 euros, para Ana Hormeño Carballeira.

Na C, Raúl Pérez Amarello obtivo o primeiro premio (75 euros), seguido por Martina Fernández Salgado cun segundo premio de 55 euros, e Anastasia Arribas Vega co terceiro premio, valorado en 40 euros.

EN BREVE

CAZÁS. A parroquia de Cazás, en colaboración co Concello de Xermade, estará de festas a fin de semana do 12 e 13 de xullo na honra á Virxe do Carme e San Xulián. A xornada festiva dará comezo o sábado ás 13.30 horas coa misa solemne, procesión e sesión vermú con Los Adrianos que, ademais serán os encargados de amenizar a gran verbena da noite xunto a Judith Cundís. O domingo, a sesión relixiosa será á mesma hora, con misa e procesión; seguida dunha sesión vermú fin de festa, amenizada de novo por Los Adrianos.

ITV. A unidade móbil da ITV estará entre os días 14 e 22 de xullo en Xermade para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás os días 15, 18 e 22, que será só de mañá. A unidade móbil estará situada xunto á nave municipal de usos múltiples do parque empresarial. Para pasar a revisión é necesari

rio pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

CAMPAMENTO. O Concello de Xermade organiza un novo campamento de conciliación para rapaces de 3 a 16 anos de idade durante os períodos de vacacións escolares de verán no programa Xermade Concilia 2025. O campamento terá lugar entre o 28 de xullo e o 14 de agosto en horario de mañá, de 9.00 a 14.00 horas, agás os festivos locais. No caso de que haxa excursións, a hora de recollida dos nenos será ás 17.00 horas. Durante o mesmo, que terá lugar na nave de Momán, desenvolveranse actividades artísticas, obradoiros, pintura, música e saídas á praia e a Cerceda, ademais dunha pernocta. As prazas son limitadas e a inscrición pecharase o 15 de xullo. Debe facerse a través do rexistro do Concello. Darase máis información a través do teléfono 678 744 178.

riotorto

EN BREVE



CENTENARIO. Francisco Gavín Cabo-devila, veciño de Riotorto, celebrou esta semana os cen anos de vida acompañado da súa familia. Este novo centenario do Concello recibiu un agasallo por parte do equipo municipal, unha placa de prata onde se recolle a súa data de nacemento, 21 de xuño de 1925. A veciñanza non faltou tampouco para celebrar este aniversario.

ITV. A unidade móbil da ITV estará os días 28 e 29 de xullo en Riotorto para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas. A unidade móbil estará situada na Grova, estrada Riotorto a Marco de Álvare. Para recibir asistencia é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.



Entregados os premios da oitava edición do Certame de poesía Avelino Díaz

O Centro Sociocultural Avelino Díaz de Riotorto acolleu a entrega de premios do VIII Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz.

Na Categoría A (3 a 8 anos, debuxo), a gañadora foi Sabela Pérez, de 7 anos, do CEIP de Riotorto, coa obra *O pozo das linguas*. O segundo premio recaeu en Fiz Silvosa, de 6 anos, do CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz, pola obra *A infancia de Avelino na Órrea*, e o terceiro en Assia Rezkaoui, tamén de 6 anos, do CEIP de Riotorto, con *O prado do arco da vella*. Na Categoría B (9 a 12 anos, poesía), o primeiro premio foi para

Carolina Marqués, de 12 anos, do CEIP de Riotorto, pola obra *O alzheimer*. O segundo, para Rafael Andrés Escobar, de 11 anos, do mesmo centro, con *Ucraina*, e o terceiro para Alexandra López, do CEIP Poeta Avelino Díaz, por *Os avós para a vida*.

Na Categoría C (13 a 17 anos, poesía), resultou gañadora Carme Peireira, de 15 anos, de Lugo, coa obra *Un gris colorido*. O segundo premio foi para Paula Prieto, de 13 anos, do IES Pedregal de Irímia, por *A familia* e o terceiro para Nasser Boola Edoifi, tamén do mesmo instituto, coa obra *O cabalo e o galo*.

A Festa da Empanada terá lugar o sábado 12

Este sábado, día 12 de xullo, terá lugar a Festa da Empanada no Club Fluvial de Begonte, que se prolongará ata o domingo 13. Esta festa é unha tradición en Begonte e se celebra durante dous días nos que a empanada será o prato oficial e as familias ocupan o club fluvial para desfrutar da música. O sábado esta prevista unha sesión

vermú a cargo do grupo Stylo, que amenizará tamén a verbena da noite xunto ao grupo Rubí. O domingo será Carta de Ajuste o prato forte da programación, que actuará na sesión vermú. Tamén, o mago Rafa será o protagonista do peche das festas, Non faltarán os xogos para nenos e outras instalacións para desfrutar da xornada.

Román Rodríguez, novo socio de honra do Belén

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, recibiu o título de socio de honra do Belén de Begonte, un recoñecemento que premia o seu compromiso coa defensa e difusión desta tradición singular, que combina arte, tecnoloxía e cultura popular. Este recoñecemento prodúcese tras a participación do titular de Educación da Xunta como

pregoeiro na 53ª edición do Belén, celebrada o pasado ano. Ao recibir o título, Rodríguez agradeceu a honra e destacou o profundo valor cultural e identitario desta celebración. “Este belén é moito máis que unha mostra de tradición: é unha obra viva que enorgullece a toda Galicia e representa o mellor do compromiso dunha comunidade co seu legado”, sinalou o conselleiro.



O Concello fará viaxes á praia os domingos de xullo e agosto

O Concello de Begonte recupera a súa actividade Domingos á praia arrancando o día 13 coa visita a San Cibrao. A actividade consistirá en organizar visitas dun día aos distintos areais das provincias de Lugo e A Coruña con saída ás 10.00 horas fronte á oficina de Abanca e regreso ás 19.30 horas. Para participar é necesario inscribirse a semana anterior a cada viaxe, que ten un prezo de 5 euros, e deberá aportarse o nome, os apeli-

dos, o DNI, a dirección e o teléfono. Nos seguintes domingos deste mes as visitas serán ás praias de Foz e Ares. En agosto o programa establece a primeira visita o domingo 3 á de Covas, en Viveiro, seguida das de Riazor, Cabanas, Foz e rematarán en Razo. Esta iniciativa leva varios anos en marcha e é moi demandada. De feito, en cada edición inclúen novos arenais para visitar.

EN BREVE

DONBALBAI. A parroquia estará de festas do 12 e 13 de xullo na honra a San Cristóbal. A xornada festiva dará comezo o sábado ás 13.00 horas coa misa solemne e sesión vermú co Punto Clave que, ademais serán os encargados de amenizar a gran verbena da noite xunto ao dúo Calibre. O domingo, o oficio relixioso será á mesma hora, seguido dunha sesión vermú fin de festa, amenizada de novo polo dúo Calibre. Sortearase unha carretilla de produtos ibéricos.

PARCELA. No polígono de Begonte vendeuse unha parcela comercial, cunha superficie de 2.257 metros cadrados, por un importe de 46.972 euros á empresa Safety Cars Ocasión S.L, dedicada á compra e venda de vehículos novos e usados. Con esta venda, o polígono de Begonte atópase case ao completo, quedando só dúas parcelas dispoñibles.

RECOLLIDA. O Concello de Begonte procederá á recollida de enseres domésticos o día 10. Farse de forma domiciliaria, iniciándose ás 6.00 horas e os enseres deberán estar depositados en lugares accesibles para a súa carga con camión pluma.

Inviste en Friol



CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

O Xulgado dá a razón ao SLG fronte a unha pizarreira da Pastoriza

O Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº2 da cidade de Lugo vén de desestimar a demanda interposta pola empresa Pizarras Universal S.L. contra o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) e a Consellería de Economía, Industria e Innovación. O motivo da denuncia foi a solicitude de información realizada polo SLG sobre a concesión mineira Mondoñedo Fracción Segunda, situada no concello da Pastoriza, titularidade da citada empresa.

Como explica o sindicato, a empresa pretendía impedir o acceso a esta información alegando falta de interese lexítimo por parte do sindicato e invocando o carácter confidencial dos datos. Porén, o Xulgado rexeitou estes argumentos, lembrando que os motivos para denegar o acceso á información deben interpretarse de forma restritiva. A sentenza tamén condena a empresa ao pagamento das costas procesuais, cun importe de 500 euros.

O auto do tribunal destaca o marco legal que avala a actuación do SLG, facendo referencia á Instrución 6/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, publicada no DOG do 20 de agosto de 2018. Nela reco-

ñécese que o sector mineiro é especialmente sensible ás demandas de transparencia cidadá polas importantes repercusións económicas, sociais e ambientais que pode supor esta actividade. A mesma instrución sinala tamén a complexidade técnica e administrativa desta materia, así como a súa prolongada vixencia no tempo.

Esta resolución xudicial prodúcese nun contexto no que se está a observar unha preocupante redución dos dereitos cidadáns no tocante ao acceso á información e á capacidade de resposta fronte a proxectos industriais e enerxéticos que contan con financiamento público, mais que adoitan implicar serios impactos no territorio e na saúde das persoas.

De feito, no caso de Pizarras Universal, a empresa está actualmente inmersa nun expediente sancionador aberto pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil debido a vertidos de augas residuais sen autorización nas súas instalacións de Xemil (Bretoña). Estes feitos foron denunciados polo SLG, que tamén presentou diversas denuncias ante o Seprona por outras presuntas irregularidades nesta canteira.

Nova etapa para a Asapa

José Manuel García preside a nova directiva da asociación de empresarios

A Asociación de Empresarios e Comerciantes da Pastoriza (Asapa) inicia unha nova etapa coa renovación da súa directiva, mantendo vivo o espírito co que naceu no ano 2007: dinamizar a vida social e económica do concello e apoiar ao comercio local.

A nova directiva está presidida por José Manuel García Méndez, acompañado por Mónica Prieto Rodríguez como tesoureira, Belén Paz Gutiérrez como vocal e José Alonso Castelo García como secretario. Este cambio produciuse logo de que a anterior presidenta tivese que deixar o cargo por motivos laborais que non eran compatibles coa xestión da asociación.

“Queremos que non se perdan eses eventos que se facían cando se creou a asociación”, explican desde Asapa, lembrando que a súa creación foi iniciativa de varios empresarios e comerciantes do pobo co obxectivo de fortalecer o tecido económico local e promover a actividade no municipio.

Actualmente, Asapa conta con arredor de 50 socios, aínda que a directiva lembra que calquera empresario ou comerciante do concello pode sumarse en calquera momento á entidade. “Só teñen que pertencer ao concello, e será ben recibido”, destacan.



Entre os proxectos máis inmediatos está a organización dunha andaina nocturna, así como a posta en marcha dunha liga de pádel, “unha actividade que xorde tras o éxito dos torneos organizados nos últimos tres anos, nos que cada vez participa máis xente”, explica o novo director. De momento, non teñen outros proxectos en carteira, pero a nova directiva non descarta estudar novas propostas que contribúan a dinamizar A Pastoriza e apoiar ao comercio local. Unha desas propostas é a de “poñer data fixa da ruta de tapas e seguir facéndoa”.

Desde Asapa sinalan que a asociación conta con algunhas axudas que permiten organizar estas actividades e valoran moi positivamente a boa acollida que está a ter

a entidade entre os veciños e os comerciantes, mostrando o compromiso do tecido económico local coa vida do municipio.

Con esta nova directiva, Asapa reforza o seu compromiso de traballar para crear actividade, dinamismo e unión entre o comercio e os veciños da Pastoriza, mantendo o impulso dunha asociación que quere seguir sendo motor de dinamización local.

Polo de pronto xa fixeron unha xornada de cantos de taberna e un torneo de pádel e este mes terá lugar a segunda edición da carreira popular e andaina, que xa tivo moito éxito na súa primeira edición o pasado ano. O obxectivo é seguir presentando iniciativas para seguir crecendo en público e socios.

abadín

EN BREVE

MONCELOS. Estará de festa do 24 ao 27 de xullo na honra a Santa Ana e Santiago Apóstol. Darán comezo o xoves, cunha churruscada popular ás 10.00 horas no Mesón do Pico's. Ao día seguinte, a xornada festiva dará comezo cunha misa ás 13.30 horas, acompañada da Coral Polifónica de Abadín, continuarase cunha procesión e a tradicional sesión vermú, que estará a cargo de Fuxion Latina, que tamén se ocupará da verbena, xunto a La Misión. O sábado, o oficio relixioso é á mesma hora e, nesta ocasión, encargárase de amenizar a verbena e a sesión vermú da noite a orquestra Galaxia. O domingo, na sesión vermú estará como protagonista o trío Merengue.

MAXIA. O salón de actos do Concello de Abadín acollerá o venres 11 de xullo, ás 20:30 horas, unha actuación do mago Tato, que presentará un espectáculo de mentalismo aberto a todos os públicos.

O Concello volve convocar as axudas por nacemento ou adopción

O Concello de Abadín vén de facer públicas as bases para a convocatoria das axudas a familias para nacementos e adopcións de menores de cinco anos no período que vai do 1 de decembro de 2024 ao 30 de novembro de 2025.

Estas axudas teñen unha contía de 800 euros por familia. As axudas divídense en 500 euros en efectivo e outros 300 en cheques de compra en establecementos do termo municipal de Abadín para gastos derivados de alimentación, coidado e aseo persoal, vestiario, etc. Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases os proxenitores de fillos biolóxicos ou daqueles que adopten



un menor de cinco anos no período definido cada ano.

O prazo para solicitarse será de trinta días naturais desde o nacemento ou adopción e estas deberán presentarse coa documentación pertinente nas oficinas municipais.

Abre o prazo para solicitar os dous campamentos infantís de xullo e agosto

O Concello de Abadín celebrará un campamento de verán gratuito para nenos de 3 a 14 anos entre o día 14 de xullo e o 14 de agosto.

Os interesados en participar poderán anotarse nas oficinas do Concello. Tamén ofrecerán información no teléfono 605 349 137 (Edita).

O campamento, que se celebrará no pavillón en horario de 10.00 a 14.00 horas, contará con diferentes actividades ao aire libre como un paseo a cabalo, inchables na Roxica, xogos de auga, kayak, rocódromo, festa da escuma, ruta de sendeirismo, parque de aventuras e surf ademais de xogos musicais e tradicionais. Un dos días farase unha saída ao parque de Cerceda.

Ademais, en colaboración con Gan-

daina Eventos, organiza un campamento musical dirixido a nenos e nenas de entre 4 e 16 anos. A actividade desenvolverase entre os días 14 e 18 de xullo, en horario de 10:00 a 14:00 horas, cunha opción de ampliación de horario de 9:00 a 10:00 da mañá.

O prezo de participación é de 35 euros por neno ou nena e o prazo de inscrición estará aberto ata xuño ao 11 de xullo na Casa do Concello de Abadín.

Esta proposta musical busca ofrecer un verán diferente, combinando aprendizaxe, diversión e creatividade a través da música, nun espazo seguro e pensado para o desenvolvemento lúdico e educativo da infancia e mocidade do municipio.

Mellora da rede de abastecemento e da eficiencia enerxética do PAI

O Concello da Pastoriza vén de recibir a resolución favorable de Augas de Galicia para a concesión de dúas axudas que permitirán mellorar a rede municipal de abastecemento de auga. Unha das achegas, por importe de 28.331,03 euros, destinarase á renovación de bombas nas estacións de bombeo e captación de Fonmiñá e Baltar, co obxectivo de reforzar a eficiencia e a seguridade do subministro no municipio.

Así mesmo, Augas de Galicia concede tamén 11.927,75 euros para a instalación dun sistema de telemetría de control en varias estacións de bombeo situadas en Vián, Pastoriza e Saldanxe, o que permitirá un seguimento máis preciso do funcionamento das instalacións e unha mellora na xestión dos recursos hídricos.

Por outra banda, dende o Concello da Pastoriza infórmase que se procederá á substitución do actual sistema de calefacción de pellets do Punto de Atención á Infancia por un novo sistema baseado en aerotermia. Esta actuación, financiada pola Xunta de Galicia a través do seu programa de mellora da eficiencia enerxética, permitirá reducir o consumo e avanzar



cara a un modelo máis sostible e respectuoso co medio ambiente no servizo municipal de atención á infancia.

DESBROCES. O Concello da Pastoriza segue avanzando nos traballos de mantemento e limpeza das vías municipais, centrando os esforzos nas labores de desbroce co obxectivo de mellorar a seguridade e a visibilidade nas estradas.

Estas tarefas comezaron na parroquia de Alvare e están a estenderse progresivamente por diferentes zonas do municipio, como Samartiño, Vián, Fitoiro, Lagoa, Rigueira, Xe-

mil, Úbeda, Gueimonde, Crecente, Aguarda, Reigosa, Saldanxe, Bretoña, Baltar, Fonmiñá, A Pastoriza, Cadavedo, Pousada, San Cosme de Piñeiro e Loboso.

Está previsto que os traballos continúen ao longo das vindeiras semanas, deixando para o mes de outubro a actuación nas pistas de terra, garantindo así unha intervención completa en todo o territorio municipal. O Concello agradece a colaboración veciñal e lembra a importancia destas actuacións para o benestar e seguridade de todos os usuarios das estradas.

Fonmiñá recibe a mostra 'Destino: unha peregrinación de Manuel Valcárcel'

O Concello da Pastoriza, Abanca e Afundación asinaron un convenio para mostrar a exposición *Destino. Unha peregrinación de Manuel Valcárcel*, nun acto no que estiveron Darío Cabaneiro Santomé, alcalde da Pastoriza; Carlos Teijeiro Pita, coordinador institucional de Abanca en Lugo; e a coordinadora institucional de Afundación en Ourense e Lugo, Beatriz Fernández-Anguiano. A mostra poderase visitar do 16 de xullo ao 21 de agosto, de luns a venres en horario de 10.00 a 14.00 horas, no Cen-

tro de Interpretación do Alto Miño. Componse de catro peregrinacións en catro países de catro continentes, baseándose na fotografía documental como ferramenta e contando distintas historias unidas por un mesmo senón. Concíbese esta expedición como unha viaxe en espiral de seres humanos unidos e guiados polo destino, na busca de respostas a preguntas universais que nos alcanzan a todas as persoas do mundo.

Á súa vez, esta exposición realiza a súa particular viaxe por diferentes

vilas de Galicia nas que se mostra dentro do programa Corrente cultural, que permite á Afundación programar actividades culturais, grazas á colaboración cos concellos.

Nas catro peregrinacións do fotógrafo galego Manuel Valcárcel fálanse de familia, de emigración, de envellecemento, de sustentabilidade e de fogar, grandes temas da humanidade que nesta exposición afloran a través da viaxe interior e físico de Valcárcel, e das súas potentes imaxes cargadas de emoción, vida e cor.

EN BREVE

AMURUXE. A asociación Amuruxe de Saldanxe, na Pastoriza, organiza co motivo do seu primeiro aniversario a Festa do Mandilón, en homenaxe ás avoas. O acto terá lugar na Escola de Saldanxe, o día 1 de agosto ás 21.30 horas. Tanto os socios como os rapaces irán de balde e, o que queira levar un acompañante, deberá pagar un prezo de 5 euros. Haberá un picote e música a cargo de Dj Lili Clea.



VIVENDA. O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, entregou as chaves de dúas vivendas de promoción pública situadas no lugar da Igrexa, en Reigosa. Os inmobles foron adxudicados en réxime de alugueiro. Teñen unha superficie de 90 metros cadrados e contan con tres dormitorios e praza de garaxe.

HORARIOS TURÍSTICOS. Mudaron de novo os horarios nos centros públicos que xestiona o Concello. Así o Centro de Interpretación de Bretoña mantén a atención agora catro días á semana, os mércores, xoves, venres e sábado, de 10.00 a 13.30 horas e de 16.00 a 19.30. Pola súa banda, o Centro de Interpretación do Alto Miño estará aberto para visita libre de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas. A biblioteca Ángel Basanta tamén cambia o horario, polo que estará aberta de luns a venres de 9.00 a 15.00 horas.



GANDARÍA. Unha comitiva do PP lucense achegouse á Pastoriza a coñecer a xovenca campioa de España de raza Frisona, Rey 1273 Haxl Bambi, e a súa "exemplar" explotación, SAT Rey de Miñotelo, da man de Alberto Iglesia. A SAT Rey de Miñotelo, que ten logrado numerosos recoñecementos a nivel autonómico e nacional cos seus animais, "é un exemplo da profesionalización do sector lácteo galego", dixerón.

ITV. A unidade móbil da ITV agrícola estará dende o 10 ata o 24 de xullo no Concello, para atender a todos os veciños do termo municipal. O horario será entre 9:00 e 13.30 horas e de 15:15 a 18:00 agás os días 11, 18 e 24 de xullo, que só atenderá pola mañá. Estará situada no campo da festa de San Martín de Corbelle entre o 10 e o 15 e diante da Nave Municipal no polígono da Pastoriza entre o 16 e o 24. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA

ACIONES

REVUELTOS
FRESAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS
ALCO
PARA

NUESTRA
CARTA
ALCO
PICAR
SABOREAR
TORTILLAS
PATATAS
RAXO

COMPARTIR TAPAS

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

Independentes analizan a xestión da alcaldesa en dous anos de goberno dos populares

O grupo Independentes por Rábade fixo un balance destes dous primeiros anos de Goberno da popular Remedios González, no que analiza diferentes cuestións de interese para os veciños e veciñas do municipio, facendo especial fincapé na realidade do polígono industrial, a situación da limpeza e recollida de lixo, a falta de control económico no goberno local, a relevancia das actividades culturais ao longo do ano así como dalgunhas actuacións en materia de infraestruturas.

No apartado do polígono industrial, sinalan que continúa paralizado debido á ausencia de conexión coa A-6, á falta de melloras na zona de augas e depuración, así como á presenza de parcelas ocupadas por industrias irregulares. Critican que o goberno local anuncie ampliacións de solo industrial sen resolver previamente os problemas actuais, lembrando que a zona require de novos accesos e dunha mellora das infraestruturas para garantir o seu desenvolvemento e atraer empresas ao municipio, favorecendo así a creación de emprego.

Respecto á limpeza das rúas e a recollida de lixo, denuncian que, malia o elevado custo que supón este servizo para as arcas municipais, o estado das rúas de Rábade é lamentable, con papeleiras en mal estado, contedores deteriorados e lixo en distintas zonas do concello, “o que afecta negativamente á imaxe do pobo”. Reclaman un plan de mellora urxente



que garanta unha limpeza adecuada e acorde co que se está pagando.

No ámbito económico, Independentes por Rábade alertan sobre un descontrol económico no goberno local, explicando que cando deixaron a Alcaldía as contas estaban saneadas e con fondos en bancos que ascendían a 1,4 millóns de euros. “En só seis meses, os fondos baixaron sen ter realizada ningunha obra e agora o Concello acumula unhas obrigas pendentes de pago, o que condiciona a situación á aprobación dun plan de axuste que hipotecará economicamente a Rábade nos vindeiros anos”.

Finalmente, no apartado de actividades culturais e festas, lembra que, durante a campaña electoral, a actual alcaldesa cualificou a actividade cultural de Rábade como “chabacana” pero que, agora, fronte a esas críticas, “defenden e continúan programando esas festas e eventos

organizados no municipio a iniciativa do anterior equipo de Goberno, que contan cunha gran participación veciñal e serven de dinamización social e económica para Rábade”. Destacan a presenza de grandes orquestras, eventos como o Día da Bicicleta, a Churrascada, o Entroido, o teatro, viaxes e outros encontros culturais “que manteñen viva a actividade do pobo e fomentan a convivencia entre veciños e visitantes”. Sobre este caso en particular, critica duramente a programación presentada polo equipo de Goberno para a celebración do centenario, “na que se limitou a improvisar tres meses antes”.

ROTONDA. O exalcalde e agora representante do partido Independente, Francisco Fernández Montes, critica a decisión da alcaldesa de cambiar o proxecto dunha rotonda para que non afecte a uns terreos da súa propiedade persoal.

Segundo explica, existía un acordo con Adif para facer unha rotonda ao final da rúa Xeneral Arce cando esta pase a quedar cortada ao eliminar o paso a nivel que conecta esta vía coa que vai ao cemiterio. Este acordo fíxose ao mesmo tempo que se negociou a construción do paso elevado.

“Cando negociamos cos afectados, sendo eu alcalde, ela negouse a facer a cesión, mentres que os outros veciños si apoiaron a iniciativa e agora o que fixo foi mover a rotonda para o outro lado de forma que non afecte aos seus terreos e si o faga en maior medida aos veciños do outro lado”, explica Montes.

Tamén en materia de infraestruturas, lembran á veciñanza que a avenida de Vilalba é de titularidade da Xunta e que é esta a que ten a obriga de amañala polo que acusa ao Concello de “tomarnos o pelo vendéndonos unha subvención para facer a obra” e la que Rábade debe achegar el 30 %. Acusa tamén á alcaldesa de realizar varias “cacicadas” como a limpeza de fincas particulares, o peche de camiños públicos e o asfaltado da entrada da casa familiar. Independentes por Rábade conclúe o seu boletín destacando que todas estas cuestións deben ser abordadas con responsabilidade, xestión rigurosa e planificación a longo prazo, co obxectivo de mellorar a calidade de vida no municipio e garantir un futuro sostible para todos os seus habitantes.



A Convivio da Cultura Galega terá lugar o 12 de xullo

O Convivio da Cultura Galega non falta á súa cita, e a Casa-Museo Manuel María xunto á Federación de asociacións culturais Galiza Cultura, organizan o próximo 12 de xullo, sábado, na Carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, a súa XII edición. Unha celebración que pretende rememorar a esencia das festas populares de que tanto gostaba Manuel María, como a romaría que se facía en Outeiro ao pé do río Miño, en que o convívio entre os e as festeiras era o centro, e na que non faltaba a música e o xantar campestre e demorado.

A xornada festiva comezará ás 11.15 horas, sendo a Casa-Museo Manuel María o punto de encontro e a coral Solfa a encargada de lle dar a acollida a festeiros e festeiras. De alí sairase cara ao cemiterio para levar a cabo unha pequena ofrenda a Manuel María e Saleta. O presidente da Fundación Manuel María, Alberte Ansede, dirixirá unhas palabras de lembranza para o escritor e a súa compañeira Saleta. A partir das 12.30, a festa decorrerá na Carballeira de Santa Isabel, onde actuará a Banda Xuvenil de Rábade, Begonte, Outeiro e Friol, Sons e Soños, que estará acompañada pola cantareira, mestra e investigadora da música galega, Branca Villares. Esta, ademais da interpretación coa banda doutras pezas, estreará unha composición de Manuel María Veiga realizada para a ocasión sobre un poema do propio Manuel María.

Despois do concerto, celebrarase un xantar de convivio para o que cada quen trae a súa comida e a organización pon a disposición mesas e cadeiras con reserva.

A festa continuará pola tarde, ás 16.30 horas, cunha foliada conducida por Xurxo Souto, e onde non faltarán a música de Mestura de Nete, Foliadeir@s do Castro, Música na Eira, Tradivivas Agra, Reviravolta e Parabéns.

Durante a mañá, as directivas das entidades que conforman a federación Galiza Cultura manterán un encontro, ás 12.15, no auditorio da Casa-Museo para articular a súa actuación en común para o próximo ano.

A Xunta investirá 600.000 euros na Lagoa do Rei

A Xunta investirá algo máis de 3 millóns de euros —financiados nun 68,88 % a través de distintos programas da UE e no 31,12 % restante con fondos propios— a través dun completo paquete de actuacións de restauración e conservación en varios humidais de interese repartidos polas catro provincias.

Así se recolle nun informe do que tomou razón o Consello da Xunta sobre as actuacións da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para a posta en valor de humidais nas catro provincias galegas, que son unha parte esencial do patrimonio natural de Galicia e serven de ecosistema para unha notable variedade de flora e fauna.

En Lugo, as intervencións focalízanse nos humidais da Terra Chá.

Cun investimento de 600.000 euros para os tres anos, actuarase na Lagoa do Rei, incluída na ZEC Parga-Ladra-Támoga, para aumentar a superficie do medio hídrico actuando sobre o prado de sega e levando a cabo unha escavación na área contigua á lagoa sen afectala. Na área do bosque asolagado valorarase tamén a posible adecuación dunha pequena cubeta onde introducir un número reducido de exemplares de *Hydrocharis morsus-ranae*, especie en perigo de extinción no Catálogo galego e no Catálogo español. En todo caso, existe a posibilidade tamén de actuar noutros humidais do complexo da Terra Chá (Fonmiña, Lagoa de Caque...), aínda que nestes momentos non se pode concretar máis.

O día 12 terá lugar unha nova edición do certame de pintura rápida

O sábado 12 de xullo terá lugar o XVII Certame de Pintura Rápida organizado polo Concello de Rábade. As inscricións realizaranse no propio edificio consistorial o mesmo sábado dende as 9:00h ata as 10:30h.

O concurso está aberto a todos os artistas que desexen participar maiores de 18 anos, que comezarán coa pintura ás 9.00 horas e teñen de prazo ata as 17.00 horas. Só se admitirá unha obra por artista, que será libre de escoller a modalidade e estilo de pintura que desexe.

O tema é Estampas de Rábade. As obras terán unhas dimensións mí-

nimas de 50x50 cm e máximas de 150 x 150 cm.

Os premios serán en metálico. Ao primeiro corresponderá-lle 1.200 euros ofrecidos polo Concello, ao segundo 800 euros patrocinados por Finsa; ao terceiro 600 euros, a cargo de Mercontrol e un cuarto, de 500 euros, está financiado por Sariego. Outorgarán tamén tres accésit de 100 euros.

Todos os inscritos deberán presentar o cadro ao remate da sesión para participar na exposición que se abrirá unha vez remate a entrega de premios, que terá lugar ás 18.00 horas no centro sociocultural, onde tamén estará aberta a mostra.

A Feira de Artesanía e a festa dos maiores colleitaron un novo éxito

Outeiro de Rei acolleu a primeira fin de semana de xullo a décimo sétima edición da Feira de Artesanía, un evento que se consolidou como referente na promoción dos oficios tradicionais e dos produtos de proximidade.

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, foi a encargada de inaugurar a feira e destacou a importancia deste tipo de iniciativas como motor de dinamización económica e social para o rural galego.

A feira contou cun total de 88 postos distribuídos en diferentes áreas temáticas, entre as que sobresaíron a artesanía, a alimentación e as degustacións gratuítas.

Na zona dedicada aos oficios tradicionais, os visitantes puideron atopar produtos variados como pezas de cerámica, artigos de cestería, traballos en madeira e traxes rexionais, así como asistir a demostracións en vivo de olaría, tallado ou torneado, que permitiron coñecer de preto técnicas transmitidas durante xeracións.

No apartado gastronómico, a feira reuniu 21 postos con propostas que incluíron pan artesanal, embutidos procedentes de León, queixos de distintas variedades e produtos ecolóxicos da horta. Entre as principais



atraccións culinarias figurou a degustación de hamburguesas elaboradas con porco celta, promovida pola Asociación Asoporcel.

A programación prolongouse ao longo da xornada con diferentes actividades pensadas para todos os públicos, reforzando o compromiso do concello coa posta en valor do patrimonio cultural e produtivo da contorna.

A feira convivió coas festas patronais de Santa Isabel, polo que contou tamén con actuacións en sesión vermú e verbena, ademais doutros actos para os máis pequenos.

MAIORES. A fin de semana festiva comezou o venres coa 31ª edición da Festa da Terceira Idade, na área recreativa de Santa Isabel, coa par-

ticipación de máis de 600 persoas. A xornada festiva deu comezo ás 13:30 horas coa celebración dunha misa solemne oficiada por Monseñor Alfonso Carrasco Rouco, bispo de Lugo.

Tras a misa, tivo lugar a tradicional comida de confraternidade, un momento para o reencontro e a convivencia entre veciños e veciñas de toda a contorna. Ás 14:15 horas realizouse entrega de premios, en homenaxe ás persoas de maior idade do municipio, recoñecendo a súa traxectoria e contribución á vida comunitaria. Neste caso os agraciados foron María Parga Loureiro e Jesús Lourés Corral, ambos con 100 anos de idade. Remataron a tarde cos cantos de taberna de Son Outeiro e pola música do grupo Los Adrianos.



A Biblioteca entregou os premios do Certame de Narración e Debuxo

A Biblioteca Pública Municipal de Outeiro de Rei fixo entrega dos premios do Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2025, unha actividade xa consolidada dentro da programación cultural do concello. Nesta edición participaron arredor de 60 nenas e nenos de diferentes niveis educativos.

Na categoría de debuxo, dentro do grupo A (ata 8 anos), os premios foron para Valeria Hungría Fernández (1º de Primaria), Adrián Blanco Pérez (1º de Primaria) e Aroa Fernández Barreiro (3º de Primaria). Na categoría B (de 9 a 11 anos) resultaron premiadas Area

Barreiro Barja (4º de Primaria), Abril Lorenzo López (5º de Primaria) e Icí Saornil Morandeira (6º de Primaria), sendo o accésit para Antón Fernández Barreiro (5º de Primaria). Na categoría C (de 12 a 16 anos) o único premio foi para Manuel Rodríguez Coedo (6º de Primaria).

En canto á categoría de narración, no grupo A (ata 8 anos) o gañador foi Hugo López Díaz (3º de Primaria). Na categoría B (de 9 a 11 anos) os premios foron para Area Barreiro Barja (4º de Primaria), Nerea Rodríguez Saornil (6º de Primaria) e Carmen Fernández Manso (5º de Primaria). O accésit nesta categoría correspondeulle a Dafne Peña Piñeiro.

O BNG acusa ao alcalde de “actitude antidemocrática e sectaria” nos plenos

O BNG de Outeiro de Rei denuncia publicamente a “actitude antidemocrática e sectaria do alcalde” durante o pleno municipal celebrado este xoves 29 de xuño, “no que se vulneraron os dereitos das concelleiras do grupo municipal”.

Segundo explican os nacionalistas, o rexedor impediu o debate das emendas presentadas polo BNG á ordenanza reguladora do viveiro de empresas, “incumprindo o artigo 134.2 da Lei de Réxime Local, que recoñece expresamente o dereito das concelleiras a defender e votar individualmente cada emenda”.

A concelleira do BNG, Elvira Lombao, foi clara ao respecto: “O alcalde quixo calar ao BNG e impedirnos exercer os nosos dereitos como representantes da veciñanza. É un feito gravísimo, non só pola cuestión política, senón pola falta de respecto institucional que demostra cara á democracia local.”

Lombao engadiu: “Estamos fartas de que se utilice a maioría absoluta

como unha ferramenta de censura. Unha cousa é aprobar propostas co voto maioritario e outra moi distinta é impedir o debate democrático no pleno.”

Indican que outra mostra máis da “actitude autoritaria do alcalde é a constante obstrución ao labor do BNG, impedindo que presentemos máis dunha moción por pleno. Mesmo cando intentamos introducir mocións por urxencia, tampouco se nos permite”.

O BNG anuncia que tomará as medidas necesarias para defender os dereitos que lle corresponden como grupo municipal e seguirá traballando para garantir a participación democrática e o respecto institucional no Concello de Outeiro de Rei.

O PLENO. No pleno ordinario aprobouse a proposta de creación dun viveiro empresarial, complementario ao viveiro industrial xa existente, co obxectivo de atraer empresas de diferentes sectores ao municipio.

Contou con nove votos a favor, unha abstención e tres edís que non exerceron o seu voto.

No expediente relativo ao Xulgado de Paz, o pleno abordou o nomeamento do xurado substituto, que foi aprobado con dez votos a favor e tres abstencións.

Tamén se tratou a moción presentada polo PSOE para a adhesión do concello á Rede ELGC (Entidades Locais Gandeiro-Cárnicas). O goberno local valorou positivamente esta proposta como unha oportunidade para apoiar o sector gandeiro no municipio ante o seu descenso e fomentar o desenvolvemento do rural, resultando aprobada con dez votos a favor e tres abstencións.

Por último, debateuse a moción presentada polo Grupo Municipal Popular en defensa do Estado democrático e de dereito e en repulsa á corrupción que, segundo os populares, afecta á contorna persoal e política do presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez.

EN BREVE



ALMORZOS. Remataron os almozos saudables con 42 alumnos de 1º de primaria do colexio Laverde Ruíz. Estiveron presentes o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, e Begoña Seco Varela, tenente alcalde.



PESCA. Entregados os diplomas á rapazada que participou nas actividades organizadas polo club de pesca Os Troiteiros de Outeiro de Rei. A través destas actividades, a rapazada coñeceu as especies que se atopan nos ríos galegos, as normas para pescalas e como practicar a captura e solta.



O alcalde solicita unha reunión con Tomé para falar de estradas

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, solicitou unha reunión co presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, para tratar de forma urxente o mal estado no que se atopan as estradas provinciais que atravesan o municipio. Segundo explica o rexedor, a situación de deterioro do firme, con fochancas e afundimentos en varios tramos, está a xerar problemas de seguridade viaria tanto para os veciños como para os transportistas que utilizan estas vías de forma habitual. Requeijo sinala que esta demanda foi transmitida en varias ocasións á área de vías e obras da Deputación, sen que ata o momento se teñan realizado actuacións que

solucionen de forma efectiva estas deficiencias. “É preciso que se acometan melloras canto antes, especialmente nas vías que comunican co resto da comarca e que son fundamentais para o día a día da veciñanza”, subliña o alcalde, quen tamén lembra, que son moitas as queixas que sobre isto fan chegar ao Concello os veciños e veciñas. Desde o Concello de Muras inciden en que o obxectivo desta reunión é acordar un plan de actuacións con prazos claros que permitan garantir a seguridade e mellorar as comunicacións no municipio, evitando que o deterioro avance e implique un maior custo de reparación no futuro.

Muras está á cabeza dos investimentos municipais en servizos sociais

Nos últimos días, o Consello de Contas de Galicia deu a coñecer as contías do gasto social por habitante no exercicio 2023 das entidades locais de Galicia.

Neste informe destaca o claro liderado por parte do Concello de Muras, que se posiciona no sexto lugar do ránking autonómico e nun destacable posto 137 a nivel estatal.

Segundo os datos que publica o Consello de Contas, Muras presenta un gasto social de 565,76 euros por habitante.

Este gasto social supón un gran esforzo económico para localidades tan pequenas do rural como é o caso do municipio de Muras. A solvencia económica do Concello, que no 2023 contou cun remanente líquido de tesourería de 1.296.816,04 euros, é un factor clave para dispor de recursos

que permitan afrontar o custo da prestación destes servizos á veciñanza. De feito, “o Concello de Muras cumpre coa estabilidade orzamentaria e contou cun aforro bruto de 166.788,17 euros no ano 2023, que reflicte a capacidade da entidade para financiar con recursos propios os investimentos e a amortización da débeda”, destaca o Goberno local.

Os servizos sociais comprenden dende a atención a persoas da terceira idade e dependentes, políticas de conciliación, atención a situacións de pobreza e exclusión social, etc.

O elevado investimento en servizos sociais por parte do Concello de Muras deixa patente a súa clara aposta polas políticas orientadas a mellorar a calidade de vida e benestar dos murenses.

Abre o prazo para pedir as axudas da luz, que incrementan a contía

O Concello de Muras volve convocar por décimo ano consecutivo as axudas da luz ao consumo doméstico, unha iniciativa pioneira tanto en Galicia como no resto do Estado, coa que busca compensar á veciñanza polo impacto da instalación de aerogeradores e garantir o acceso á enerxía en condicións dignas. Máis do 90% da poboación solicita estas achegas, o que demostra a excelente acollida desta medida social.

As axudas, enmarcadas dentro da Liña 1 do programa municipal, teñen como obxectivo sufragar total ou parcialmente o custo do consumo eléctrico habitual nos fogares, e este ano inclúen un incremento notable: poderanse recibir ata 700

euros por unidade familiar, segundo o tramo de renda.

Dende a súa posta en marcha en 2016, o Concello de Muras consolidou esta medida como un dos piares fundamentais da súa marca de municipio, baseada no aproveitamento dos recursos naturais ao servizo do benestar da súa xente. O obxectivo a medio prazo é acadar o gasto cero na factura eléctrica para a maior parte da veciñanza.

As achegas benefician directamente á calidade de vida da poboación, contribuíndo tamén a fixar poboación no territorio e a combater a pobreza enerxética.

O prazo para solicitar as axudas estará aberto dende hoxe ata o 31 de xullo. As persoas interesadas

poderán presentar a súa solicitude de forma presencial no rexistro do Concello de Muras, de luns a venres en horario de 08:00 a 12:00 h, ou a través da sede electrónica municipal. As bases completas publicaranse nos vindeiros días no Boletín Oficial da Provincia (BOP). As contías segundo renda per cápita anual varían. Os de menos de 15.000 euros recibirán a totalidade do subvencionado, cun máximo de 700 euros anuais. Entre 15.001 e 22.000 euros será o 90%, ata 600 euros. No seguinte tramo (22.001-29.000 euros) reciben o 80% do consumo, cun límite de 500 e para os recibos de máis de 29.001 euros será o 70% do consumo, cun máximo de 200 euros.



Foto de Marcos López Alonso

Renovado por catro anos o certificado de municipio Starlight

A Fundación Starlight, entidade que concede a acreditación de municipio starlight, procedeu a renovar o galardón tras avaliar positivamente os avances logrados polo Concello de Muras nos últimos catro anos.

Así, esta cualificación queda validada ata o 2028, data na que se volverá a repetir a valoración dos parámetros esixidos para manter este distintivo (requisitos ambientais, estratexias de alumado intelixente e innovación, organización de actividades, etc.).

O Concello de Muras conta co selo starlight desde decembro de 2020, sistema de certificación que acredita a lugares con excelente visibilidade para a contemplación dos ceos estrelados e a práctica de actividades turísticas baseadas neste recurso

A renovación do galardón confirma o compromiso do municipio cun turismo sostible ligado á observación astronómica e constitúe tamén unha defensa da calidade do seu ceo, o acceso a luz das estrelas e aos diferentes valores asociados (culturais, científicos e naturais).

Nesta liña, o Concello de Muras desde o ano 2020 puxo en marcha diversas iniciativas para potenciar o astroturismo coa realización de múltiples actividades de contemplación de ceos, ruta de sendeirismo nocturna pola Serra do Xistral, obradoiros infantís, etc.

Cada unha destas accións supón un importante reclamo turístico para o destino, logrando atraer 200 visitantes por evento que se achegan a descubrir un dos moitos e variados atractivos que posúe o municipio.

EN BREVE

PAI. Esta aberto o prazo para a presentación de solicitudes de praza no Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026. O prazo de presentación remata o 15 de xullo e ten que facerse no rexistro do Concello nas Oficinas Xerais ou tamén no rexistro electrónico do Concello. As persoas que desexen información poden pedila no 615 162 432.

RUTA. Muras acollerá o sábado 2 de agosto unha nova edición da ruta cabalar que organiza a Asociación Atila en colaboración co Concello. Nesta ruta poderán participar a cabalo ou a pé, para o que é necesario apuntarse antes do 31 de xullo no teléfono 667 609 990. A ruta terá a súa saída ás 10.00 horas e contará con pinchos a media mañá. A clausura será nun xantar servido polo bar Rochela de Vilalba, que ofrecerá un menú a base de empanada, polbo, churrasco, sobremesa, café e licor cun prezo de 24 euros por persoa. Pola tarde haberá probas de xincana, actuación musical e xogos para todos os públicos, ademais de agasallos para os participantes.

ITV. A unidade móbil da ITV entre os días 28 e 31 de xullo en Muras para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas agás o 31, que será só de mañá. A unidade móbil estará situada o 28 e 29 na praza de Viveiro e o 30 e 31 na área recreativa da Veiga, xunto ao campo de fútbol. Para recibir asistencia é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

DEPUTACIÓN

Adxudicado por medio millón o programa E para Dixitalizarse, Lugo

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou por case medio millón de euros adxudicar o contrato do programa E para Dixitalizarse, Lugo. Así o informou tras a reunión a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen destacou que esta iniciativa “ten como obxectivo achegar as novas tecnoloxías á veciñanza, reducir a fenda dixital e fomentar a inclusión no territorio”.

O proxecto está financiado con fondos europeos captados pola Deputación ao abeiro do Reto Rural Dixital, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea, e desenvolverase ata o 20 de marzo de 2026, aínda que o 60% das accións deberán executarse antes do 31 de decem-

bro de 2025.

Pilar García Porto explicou que “se trata dunha proposta pioneira coa que a institución provincial levará formación en competencias dixitais á veciñanza dos 55 concellos da provincia con menos de 5.000 habitantes”, quedando fóra só os municipios máis poboados: Lugo, Monforte de Lemos, Viveiro, Vialba, Sarria, Foz, Ribadeo, Burela, Chantada, Guitiriz, Outeiro de Rei e Castro de Rei.

A programación, que será deseñada xunto coa empresa adxudicatária, incluírá 500 accións formativas centradas nas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), e estará adaptada a diferentes perfís e idades. A formación abranguerá desde o uso de aplicacións móbiles

ou a banca electrónica para persoas maiores, ata contidos de informática básica, redes sociais ou ciberseguridade para a mocidade, persoas desempregadas ou emprendedoras.

Tamén se ofrecerán obradoiros dirixidos a familias sobre os riscos de internet ou o uso responsable dos dispositivos.

“A posta en marcha deste proxecto demostra, unha vez máis, a capacidade do Goberno da Deputación para captar fondos europeos, que xa superan os 18 millóns de euros desde o ano 2019”, sinalou García Porto. Un investimento que “permitiu desenvolver proxectos clave contra o despoboamento no rural e a favor da modernización dos concellos, como os programas Xeopadrón ou Impulsa TIC”, engadiu.

Comezan os traballos de desbroce en 4.200 quilómetros de vías

A Deputación de Lugo comezou este luns, 2 de xuño, os traballos de desbroce nos máis de 4.200 quilómetros de estradas provinciais. A institución provincial destina este ano en torno a 1,5 millóns de euros a estas tarefas que arrancan de forma simultánea nas 24 zonas nas que está dividido o contrato da súa rede viaria para levalo a cabo dun xeito máis eficiente.

As rozas terán un prazo de execución dun máximo de mes e medio, polo que está previsto que a mediados de xullo estean rozadas as estradas provinciais nos 67 concellos. Unhas tarefas coas que a Deputación mellorará a seguridade viaria e a comodidade dos condutores, ademais de favorecer a prevención de incendios durante o verán.

As 24 zonas nas que está dividida a rede provincial para desenvolver os desbroces son as seguintes:

A mellora da mobilidade centra outro dos grandes piares dos Orzamentos este ano 2025, e por iso o Goberno provincial destina ás estradas máis do 21 % do total. A Deputación incrementou, ata os 27,31 millóns de euros as partidas de obra nova, conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil, o que representa unha suba destes apartados en máis dun 42 % respecto ao 2024, cando a institución destinou 19,4 millóns de euros. O dobre do investimento que no 2019, cando as partidas para estradas sumaban algo máis de 14 millóns.



Rematan con éxito as rutas do Románico

Unhas 300 persoas desfrutaron estes días da quinta edición do Coñece o románico da provincia de Lugo, un programa de rutas gratuítas que organizou a Deputación pola provincia. Neste quinto ano, a institución provincial programou un total de 16 itinerarios ao seu paso por unha vintena de concellos co obxectivo de poñer en valor e difundir o patrimonio do territorio lucense.

“Todas as rutas completaron as prazas, polo que esta nova edición foi un éxito un ano máis”, sinalou a Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto. Explicou a responsable provincial que este programa enmárcase na estratexia turística da Deputación de Lugo, que aposta por un modelo de turismo de proximidade, sostible,

de calidade, e desestacionalizado. Unha iniciativa que se desenvolve en pequenos grupos, sen masificacións, e que deixa valor real no territorio en termos económicos e de emprego.

As visitas comezaron o último venres de maio co itinerario guiado en Lugo, pola Catedral de Santa María e a Cidade Medieval. Esa fin de semana tamén houbo rutas polo Saviñao, Portomarín e Paradela, Taboada e o rural da capital lucense; Monforte de Lemos, Foz e Viveiro. Este sábado pasado, 7 de xuño, foron protagonistas os percorridos polo románico de Pantón, Antas de Ulla, Ribas de Sil, Quiroga, Palas de Rei e Monterroso. A edición finalizou onte, domingo, con itinerarios por Sarria, Chantada, Meira e Sober.

O Impulsa TIC renovará equipos e sistemas de protección nos concellos

A Xunta de Goberno aprobou ampliar o proxecto Impulsa TIC, o programa que lanzou a institución provincial para a transformación dixital e modernización das administracións locais da provincia. Así o explicou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen detallou que “concretamente, acordamos licitar dúas novas actuacións por algo máis de 240.000 euros para a instalación dunha nova infraestrutura que permita mellorar as capacidades e servizos de 31 concellos”.

Para paliar esta situación, a Deputación de Lugo licita dous proxectos por un importe de 120.879 euros cada unha para os 31 concellos que solicitaron participar nesta nova actuación. O primeiro deles irá destinado á renovación de servidores municipais. “Dotaremos a

estes concellos de equipos informáticos novos de última xeración para ampliar as capacidades e recursos tecnolóxicos dos servidores municipais actuais, con medidas de seguridade e dispoñibilidade”, explicou García Porto, quen engadiu que dentro do contrato non só se realizará o subministro, senón que se instalará e configurará en cada concello para que quede completamente operativo.

A Deputación levará a cabo un segundo proxecto para implantar sistemas de protección e de copias de seguridade, que preveña por unha parte de accesos indebidos aos principais servidores e, por outra, que conteña proteccións ante cortes de subministro eléctrico, co fin de aumentar a seguridade e dispoñibilidade dos servizos municipais.



Unha sesión formativa do Xeopadrón arranca o programa nos concellos

Os representantes dos 67 concellos da provincia participaron na xornada técnica organizada pola institución provincial para poñer en marcha o Xeopadrón, o programa de dixitalización da información municipal. A cita contou coas explicacións dos responsables da empresa adxudicatária sobre o alcance das primeiras tarefas desta iniciativa na que a Deputación inviste 1,3 millóns de euros.

Na xornada, participaron máis de 50 persoas, entre alcaldes, alcaldesas, tenentes de alcaldes e técnicos municipais.

Esta nova iniciativa da institución provincial ao servizo dos concellos está pensada “para avanzar na modernización da administración local”, explicou José Tomé, quen valorou

ademais que “contar cun padrón municipal actualizado, rigoroso e vinculado ao territorio é clave para planificar ben, xestionar mellor e tomar decisións informadas”. “Iso é o que nos propoñemos con Xeopadrón: mellorar a calidade dos datos do padrón, depuralos e vincular esa información cunha base de datos xeorreferenciada de fogares e vivendas. Un paso estratéxico cara ao futuro Padrón Online que está desenvolvendo o INE a nivel estatal”, argumentou.

“Desde 2019, levamos conseguido máis de 18 millóns de euros en fondos europeos, e con eles estamos a transformar servizos e estruturas nos concellos da provincia”, recordou o presidente.

COLABORACIÓN

Manuel García López, “O capador de Sesulfe”

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

A Asociación Cultural Xermolos ten a nosa cultura popular presente todo o ano, á creación literaria da palabra popular en verso. Esa sensibilidade de darlle valor ao noso patrimonio inmaterial fixo posible dedicarlle unha revista, no ano 2014, a Xosefa Cabado, a “Regueifeira do Cando”, e agora, no 2025, a outro gran regueifeiro, Manuel García López, mais coñecido como “O capador de Sesulfe” ou “O Reinote” polos diferentes concellos chairegos nos que el capou tantas cochás, cochos e outros animais domésticos, e nos que deixou tamén versos espallados por todas esas aldeas. Era un home capaz de levar unha conversación en verso e de crear sorrisos por onde pasaba; un gran fistor, que segundo a poeta Marica Campo, é un vate popular que recita e improvisa cantigas sobre a sociedade e ás cousas da vida. Naceu na aldea de Sesulfe, do concello de Guitiriz, o 22 de xaneiro de 1929 na casa de Barriga. Viña de unha familia de capadores, posto que xa era

capador seu bisavó, Andrés López, e tamén seu tío José López, que aprendeu con seu pai, e como na casa non había posibilidades de poder estudialo, naqueles tempos de penuria e represión, aprendeu o oficio de capador con seu tío, que o levou con el polos concellos do arredor ensinándolle o oficio. O que non lle ensinou seu tío foi como crear versos, pois iso saíu da súa cabeza.

Como veredes na foto que acompaña, a revista, editada por Xermolos na colección “As Nosas Raíces”, leva na portada un precioso debuxo de Manuel García López da autoría de Séchu Sendé, o seu nome e a continuación o título, “Unha vida falada polo verso”.

Despois dunha curta soleira do profesor Xosé A. Arias, empeza unha longa e interesante entrevista, ou conversa, que lle fixo ese profesor na súa casa de Sesulfe, e incluso por Whatsapp, entre o 19 de xaneiro de 2019 e o 18 de novembro de 2020, pouco antes da súa morte, que tivo lugar o 21 de febreiro de 2021 cando contaba con 92 anos recen cumpridos, pero coa lucidez mental en perfecto estado e a unha portentosa memoria, como se pode comprobar nas conversas cando nos conta pasaxes da súa vida e as anécdotas que



lle ocorreron polas diferentes aldeas, nos contos que lembra de cando exercía o seu oficio de capador e as andanzas vividas por este personaxe popular por todas as aldeas da nosa querida Terra Chá. Tamén participaron algúns días nela os seus sobriños, Soledad e José Ángel García López, e o tamén profesor Séchu Sendé, gran coñecedor da tradición oral, quen lle dedicou un artigo na última revista do Festival de Pardiñas. Toda a entrevista, un gran traballo, levado a cabo maiormente por Xosé A. Arias,

que vai acompañada de diferentes fotos familiares das distintas épocas do homenaxeado; unha delas, a que aparece na páxina 27, seica era unha das preferidas del, pois estaba de merenda con unha serie de veciños seus na festa da Pascua dos Vilares de Díaz Castro.

A continuación temos “O capador de Sesulfe”, un longo artigo de Séchu Sendé moi ben documentado, seguido dunhas fotos do Reinote no entroido organizado por Xermolos celebrado no Campo da Feira de Guitiriz en 1991, onde falou en verso para o público, conseguindo as risas e os aplausos de todos os asistentes. Despois Mero Iglesias fálanos de “Aqueles outras profesións” daqueles tempos que, como a dos capadores, foron desaparecendo. Nese mesmo apartado, Pepe Otero fálanos tamén doutros capadores famosos de diferentes lugares da Terra Chá, con ilustracións de María Guerreiro. No apartado titulado “O Reinote dende as parroquias” podemos atopar un precioso debuxo a páxina enteira, do seu veciño de Sesulfe,

Diego Pena, que adorna tamén a contraportada. Logo, os autores dos diferentes artigos dirixímonos a el e falamos da súa obra literaria e doutros regueifeiros ou repentistas das distintas parroquias dos arredores. Que Xermolos siga celebrando as nosas raíces moitos anos máis e que nos siga deleitando con cousas coma esta, dando voz a estes artistas populares que enriquecen a nosa cultura, o noso idioma e a nosa literatura. Alfonso Blanco, Xosé A. Arias, Séchu Sendé e Alba M. Rodríguez, presentarán na Escola Habaneira de Guitiriz, o próximo día 18 ás 8 do serán, esta obra mestra que conta con 160 páxinas e mais de 25 colaboradores. Unha obra que no apartado “Ó trote, ó trote, marchou o Reinote”, recolle incluso os artigos e noticias na prensa do seu pasamento e o que apareceu na rede social de Facebook, de onde collo prestados estes versos co permiso da autora, Marian Miraz: Xa rematando febreiro, tivo Reinote o pasamento. Agora marchou coa Requecha poñer a San Pedro contento.

Casas sen xente...

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Exente sen casa, poderíamos engadir para completar unha frase escoitada de forma recorrente e que reflicte unha evidente paradoxa en relación a un problema que ven afectando á nosa sociedade, o acceso á vivenda. Segundo o Instituto Nacional de Estadística (INE), aproximadamente unha terceira parte das casas no conxunto da provincia de Lugo están deshabitadas. Ben é certo, e así cómpre sinalalo, que parte delas non reúnen condicións de habitabilidade, é dicir, que precisarían dunha intervención en profundidade para que obtivesen tal condición. Chama a atención o desglose dos datos, xa que na propia cidade de Lugo, a porcentaxe chega ata o dezasete por cento, isto é, entorno a dez mil

vivendas; ou Monforte, o segundo municipio máis poboado, no que un corenta por cento están baleiras. En canto ós concellos chairegos, en xeral, máis dun terzo das mesmas carecen de habitantes de forma continuada. Si é certo que existen outros usos, como o vacacional e turístico, ou a segunda residencia; así mesmo, nas zonas rurais, aínda non existindo ese relevo xeracional que garanta a continuidade de vida na Casa -con maiúscula-, porque ese herdeiro, ou varios, ten ocupación diferente á que tiñan os seus proxenitores e probablemente non viva nin no mesmo concello, si acreditamos que normalmente si se produce ese apego que deriva en certo compromiso coas orixes, incluído o de conservar a casa familiar, facendo bo o refrán de que o corvo, aínda nacendo nunha pena, volve a ela. Estamos diante dun problema frecuente; a vivenda aparece como un dereito fundamental das persoas,

pero chegar a unha estase a converter nos últimos tempos en misión case imposible. Contemplamos abraizados a suba desorbitada de prezos, tanto para alugar como para comprar, non só en núcleos urbanos, senón tamén nas vilas e aldeas constatamos este fenómeno. Volvendo ó inicio do artigo e os datos ós que se fai alusión, por un lado, un parque de casas e pisos baleiros, e polo outro, persoas que anhelan acceder a un ben de primeira necesidade e que as súas condicións non llelo permiten. Cal pode ser a solución a esta aparente contradición, preguntámonos os cidadáns. Pois non semella doada. O despoamento e avellentamento que sufrimos na Galicia Interior, poderíase atenuar algo coa chegada de familias novas que buscan un lugar onde desenvolver o seu proxecto de vida. A conta gotas, vemos que nos últimos tempos si se están asentando eses novos habitantes, que son

O RECUNCHO DE CANELINA



expulsados dun mercado inmobiliario urbano prohibitivo. Polo tanto, se moitas desas casas que non teñen un uso continuado se ofertaran, seguro que clientes non faltarían. E xa dando un paso máis, aliviando os requisitos para a nova construción, sempre dentro dunha orde e con rigor, no noso territorio, probable-

mente tamén facilitaríamos a chegada ó rural de nova vida. A complexidade do asunto é tal que non se solucionará con simples medidas. Pero si se precisaría unha intervención para modificar unha triste realidade dos tempos actuais. A quen lle corresponda, debería tomar a iniciativa e intentalo.

TERRA CHÁ

A Deputación investirá en estradas provinciais de Castro de Rei e Cospeito

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investir máis de medio millón de euros na mellora de cinco estradas provinciais. Así o informou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto. Explicou que as obras afectarán a diferentes vías ao seu paso polos concellos do Corgo, Taboada, Monterroso, Lánca-ra, Castro de Rei e Cospeito.

Entre Castro de Rei e Cospeito, a empresa Construcciones Carballeira SL será a encargada das obras de mellora da estrada LU-P-1104, que é a que conecta os concellos de Castro de Rei e Cospeito desde Portomuiño a Momán. Os traballos afectan á totalidade da estrada -desde o punto quilométrico 0 ao 7,624- e consistirán na reapertura de cunetas, reparación de desperfectos no firme e repavimentación. O prazo para a execución destes traballos será de mes e medio desde que se inicien as obras.

“Unha actuación importante porque esta vía articula o norte do concello de Castro, dando servizo directo á veciñanza de varias parroquias e a diferentes explotacións agrogandeiras”, valorou García Porto.

Instalan a sinalización no Camiño do Bispo para abrir en setembro

O proxecto do Camiño do Bispo continúa avanzando con paso firme. Onte celebrouse nas Pontes unha reunión clave entre os Concellos polos que discorre a ruta e a Axencia de Turismo de Galicia, representada por Ildefonso de la Campa, director do Xacobeo na que se presentaron os principais avances do proxecto, entre eles a nova imaxe oficial da ruta, o plan de sinalización e acondicionamento do trazado, así como a previsión de celebrar a inauguración pública este outono.

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, e a concelleira de Turismo, Elena López, acompañados por representantes dos outros oito Concellos implicados (As Somozas, San Sadurniño, Neda, Mondoñedo, Abadín, Vilalba, Xermade e Muras), destacaron a importancia deste encontro para consolidar o apoio institucional ao proxecto e coordinar os seguintes pasos.

Durante a reunión, os representantes municipais das Pontes detallaron que en setembro está previsto que todos os Concellos teñan instalados os seus carteis informativos, e que se complete a sinalización do percorri-



do, incluíndo códigos QR vinculados a contidos culturais de cada municipio. “Nese momento, convocaremos un acto público para inaugurar oficialmente o Camiño do Bispo, abríndoo á cidadanía e ao turismo”, explicou o alcalde, Valentín González Formoso. A nova identidade visual do Camiño do Bispo foi outro dos elementos presentados durante a xuntanza, inspirada no báculo de San Rosendo, bispo de Mondoñedo no século X, unha figura emblemática para Galicia tanto no eido relixioso como político.

Así mesmo, durante a reunión ta-

mén se abordou a creación e posta en marcha dunha páxina web común, onde se reunirá toda a información da ruta nun único espazo dixital, cun mapa interactivo, recursos para o visitante e datos culturais relevantes dos territorios polos que transcorre o camiño.

Pola súa parte, Ildefonso de la Campa, en nome da Axencia de Turismo de Galicia, valorou positivamente o traballo colaborativo dos Concellos e expresou a disposición da Xunta a apoiar o impulso inicial da ruta, poñendo a disposición do proxecto recursos e asesoramento técnico.

Adxudicada a rehabilitación da A-6 entre as localidades de O Corgo e Guitiriz

O Ministerio de Transportes e Movilidad Sostible adxudicou por 26,422 millóns de euros as obras para a rehabilitación estrutural do firme de 60,4 km da autovía A-6 ao seu paso pola provincia de Lugo. En concreto, actuarase na calzada esquerda, sentido Madrid, entre o quilómetro 480, no municipio do Corgo, e o 540,440, en Guitiriz. O contrato ten por obxecto o fresado de capas de firme e reposición en tramos con deterioro estrutural. A mestura bituminosa que se usará para repoñer o firme da capa de rodadura será de tipo descontinua e terá 3 cm de espesor. Ademais, contéplanse outras actuacións como saneos puntuais do firme alí onde se detecte un esgotamento estrutural que afecte á chaira; tratamento de gretas, reposición da sinalización horizontal e balizamento, reposición de xuntas dilatación en estruturas, impermeabilización de taboleiros mediante fresado do firme, estendido dun sistema de impermeabilización e posterior reposición do firme, reposición de expiras de estacións de aforo, reposición de servizos afectados da DXT e obras complementarias.

Riotorto e Meira, protagonistas nun simulacro de incendio forestal

A Xunta participou nun simulacro de incendio forestal orixinado por un accidente de circulación en Riotorto, co obxectivo de avaliar a resposta dos servizos de emerxencias ante esta situación.

Durante o operativo ensaiouse a activación do Plan especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais en Galicia (Peifoga) en situación 2, por posible afección a núcleos de Riotorto - A Ribadiña, na parroquia de Ferreiravella - e A Pontenova - Lamaride e Cabana, nas parroquias de Xudán e Rececende, respectivamente -.

Na actividade constituíronse varios centros de mando e control: Pos-



to de Mando Avanzado (PMA) na Campa do Plantío de Meira; Centro de Coordinación Operativa (Cecop); e Centros de Recepción de Medios

(CMR) en Meira e As Rodrigas (Riotorto), estes últimos coordinados por persoal da Consellería do Medio Rural.

A Xunta impulsa a inserción laboral de mulleres vulnerables a través da Asociación Axel

A Consellería de Política Social e Igualdade vén de conceder unha achega total de 67.600 euros a tres programas promovidos pola Asociación de Xóvenes Emprendedores Lucenses (Axel), destinados a acompañar a mulleres en situación de vulnerabilidade no seu proceso de integración sociolaboral.

A actuación principal céntrase especificamente en mulleres vítimas de violencia de xénero e inclúe orientación individualizada, formación laboral, medidas de conciliación e unha axuda económica que facilite a súa implicación activa no

programa. Esta iniciativa, financiada con 48.700 euros, desenvólvese en Lugo, Vilalba, A Pastoriza e Rábade, co propósito de lograr, como mínimo, a inserción laboral de cinco das vinte participantes previstas.

Ademais, a Xunta concedeu 8.200 euros ao proxecto Triple E: Empoderamento, Emprego e Emprendemento. A terceira liña de actuación, dotada con 10.600 euros, forma parte do Plan Corresponsables, orientado a facilitar a conciliación familiar en fogares con menores de ata 16 anos.

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

Pequenas xoias culturais ocultas

Espazos únicos espallados por toda Galicia amosan coleccións sorprendentes sobre videoxogos, xoguetes antigos, maquinaria agrícola ou traxes tradicionais, e reivindicando outro xeito de vivir a cultura, máis íntimo e comprometido coa memoria local

Por Galicia adiante existen museos que non adoitan figurar nas rutas máis transitadas nin nos folletos turísticos de cores brillantes. Espazos culturais que, lonxe do ruído mediático ou da masificación, conservan a súa autenticidade e ofrecen unha experiencia de descubrimento. Son museos que nacen da paixón de persoas concretas, da memoria colectiva ou da necesidade de preservar un legado cultural ou tecnolóxico. E nese silencio relativo, acadan unha forza particular.

MUVI

Un deses exemplos atópase en Cangas do Morrazo, onde funciona o MUVI, Museo dos Videoxogos, que moitos descoñecen pero que pode presumir de ser pioneiro no seu eido. O centro é tanto interactivo como divulgativo, cun percorrido que leva ao visitante pola evolución da microconsola, do ordenador e do videoxogo. Máis de 150 sistemas electrónicos amosan como cambiaron as formas de xogar e tamén os obxectos que acompañaron xeracións enteiras. Dende consolas dos anos 80 ata dispositivos máis actuais, o MUVI convida a redescubrir aparellos que quizais moitos teñan esquecidos nalgún recuncho da casa, convertidos xa en pequenas reliquias da tecnoloxía doméstica.

MUSEO DOS XOGUETES

Sen afastarse demasiado do universo lúdico, cómpre mencionar os museos do xoguete, repartidos por varias localidades galegas. En Allariz, o Museo Galego do Xoguete ocupa unha casa señorial do século XVIII. A súa orixe está ligada á xenerosidade dun veciño, Alberto Oro Claro, quen doou unha colección persoal de preto de 800 xoguetes de diferentes épocas, que van dende comezos do século XX ata mediados dos anos 60. Os xoguetes son testemuñas materiais dunha infancia doutros tempos, de xeitos de xogar, educar e soñar que xa non existen, pero que seguen a emocionarnos.

En Lalín, concretamente no Pazo de Liñares, atopamos outro Museo do Xoguete, alimentado pola colección de Antonio Chaves. A mostra reúne pezas únicas que permiten observar



a evolución do deseño, dos materiais e mesmo das ideas pedagóxicas arredor do xogo. A colección é un exercicio de memoria compartida, tanto para adultos como para crianzas. Un enfoque máis orixinal ofrece o MELGA, Museo Etnolúdico do Xoguete, situado en Ponteceso. A súa especialización céntrase nos xogos e deportes tradicionais, facendo un repaso desde a prehistoria ata os nosos días. A través de paneis, réplicas e obradoiros, o museo pon en valor formas de xogo que forman parte da tradición galega e europea, contribuíndo a recuperar prácticas que, sen espazos coma este, correrían o risco de desaparecer.

MUSEO DO FERROCARRIL

Tamén a tradición ferroviaria ten o seu lugar destacado en Galicia, e o exemplo máis significativo é o MUFERGA, Museo do Ferrocarril de Galicia, situado en Monforte de Lemos. Unha das xoias desta institución é a súa rotonda ferroviaria, un antigo taller de tracción cunha estrutura única en España: 38 vías radiais e un ponte transbordador xiratorio que permiten visualizar como se manexaban as locomotoras noutra época. O museo conserva tamén locomotoras e vagóns de distintas décadas e ofrece un parque

temático a pequena escala que entusiasma ao público familiar. A visita supón un regreso ao tempo no que o tren era a columna vertebral da mobilidade interior galega.

MUVICLA

Moi preto, en Trasliste (Láncara), atópase o MUVICLA, siglas de Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria. Aquí non só se expoñen tractores e maquinaria, senón que o propio museo está inserido nunha explotación agrícola en funcionamento. A finca dedícase á produción de mazá e á cría de tenreira, e isto permite que o visitante observe de primeira man o uso real e pasado das ferramentas agrícolas. O MUVICLA conta a historia da mecanización do campo galego, e permite, entre outras cousas, dar un paseo nun tractor clásico. Máis que un museo, é unha experiencia.

MUSEO DO MOUCHO

Pero se falamos de singularidade, poucos centros tan inesperados como o Museo do Moucho, situado en Cerceda. Fundado en 1994, acolle unha colección de máis de 5.000 pezas relacionadas con esta ave nocturna que tanto fascina a sabios e supersti-



ciosos. Hai esculturas, pinturas, obxectos de xoiería, pezas artesanais e ata instalacións interactivas, todo arredor do moucho. O museo naceu do coleccionismo e da devoción, e hoxe constitúe un espazo de reflexión e humor arredor dun símbolo cultural moi presente no imaxinario galego.

CENTRO A MINA

Por último, cómpre mencionar o centro de interpretación A Mina, nas Pontes, situado na antiga Casa da Enerxía. Esta instalación convida a reflexionar sobre o pasado industrial da vila, especialmente vinculado á extracción de lignito pardo. O espazo ofrece contidos gráficos, audiovisuais e paneis explicativos que afondan na historia da mina e na súa pe-

gada ecolóxica e social. Trátase dun exemplo de como a memoria industrial pode converterse nun recurso cultural de valor. En definitiva, os museos menos coñecidos de Galicia forman un mapa paralelo da nosa identidade. Espazos pequenos, moitas veces xestionados por persoas ou asociacións locais, que gardan historias extraordinarias. Nun tempo no que todo parece pasar pola visibilidade en redes sociais e o turismo masivo, estes museos reivindicando outro xeito de coñecer: máis tranquilo, máis próximo, máis humano.

MUPEGA

Santiago de Compostela, capital da cultura galega por antonomasia, agocha tamén algúns espazos pouco coñecidos. Un deles é o MUPEGA, Museo Pedagóxi-

co de Galicia, onde se mostra a evolución da escola galega a través de mobiliario, libros, instrumentos e fotografías de distintas épocas. O visitante pode observar aulas recreadas do século XIX ou material didáctico xa en desuso, que permite comprender mellor o proceso educativo das xeracións pasadas. Outro espazo destacable é o Museo de Historia Natural, no Parque de Vista Alegre, con dioramas que reproducen os hábitats de distintas especies animais e unha das maiores coleccións malacolóxicas do mundo, a de Emilio Rolán. A mostra de minerais complementa a visita, que resulta tan atractiva para familias como para persoas investigadoras.

MUSEO DO TRAXE

Hai nomes que deixan pegada, e un deles é o de Juanjo Linares, bailarín e mestre nacido en Ordes, figura fundamental na recuperación das danzas tradicionais. O museo que leva o seu nome, Museo do Traxe Juanjo Linares, está situado na súa vila natal e xorde a partir da súa doazón persoal: máis de mil traxes de baile, dos cales se expoñen uns 260. A colección inclúe vestimenta tradicional galega de diferentes épocas, traxes utilizados polo propio Linares e pezas que pertenceron a artistas de renome, como Antonia Mercé ou Antonio Gades. É un museo que, máis alá da indumentaria, fala do movemento, da escena e da identidade.

MUSEO DE CORNAMUSAS

A música tamén ten o seu espazo noutros puntos de Galicia, como na Escola Provincial de Gaitas de Ourense. Alí, ademais de formar ás novas xeracións de músicos, albergan o Museo Internacional de Cornamusas, unha colección única que reúne gaitas de Galicia, Europa, Asia e África. É un percorrido sonoro



e visual pola diversidade dun instrumento que, malia as súas múltiples variantes, comparte estruturas básicas e unha mesma alma musical.

MUSEO BONITEIRO

Dentro do eido etnográfico, Galicia está chea de pequenos museos locais que documentan oficios, rituais e formas de vida propias de cada comarca. Pero

hai un espazo que destaca pola súa orixinalidade: o Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen, en Burela. Trátase dun barco de madeira construído nos anos 60, que foi transformado nun museo flotante sobre a pesca do bonito e a vida mariñeira. A visita permite coñecer os espazos reais nos que vivían os mariñeiros, as técnicas de pesca, o funcionamento do motor, e todo o que rodea a cultura do



mar. É, como din algúns visitantes, “unha viaxe ao centro do océano sen saír do porto”.

MUSEO DO HUMOR

E como non todo vai ser solemnidade, en Fene funciona dende hai anos o Museo do Humor, impulsado por Xaquín Marín, unha das figuras máis queridas do humor gráfico galego. O museo alberga exposicións

permanentes e temporais de caricatura, cómic, ilustración e obxectos curiosos. Un percorrido polas salas permite coñecer o traballo de autores como Siro, Davila, Pinto & Chinto ou Castelao, e tamén de humoristas doutras latitudes. O centro organiza actividades, premios e actuacións, e busca conectar co público dende a risa e a crítica, entendendo o humor como un instrumento de pensamento.

INFORMACIÓN

MUVI, Museo dos videoxogos

Rúa Aragón, 2, Cangas, 36940.
Horario: Sábados de 16.30 a 21.00 horas

Museo Galego do Xoguete

Rúa Portelo 4, Allariz.
Horario inverno: Sábados, domingos e festivos: de 11:00 a 14:00 y de 17:00 a 19:00. Xaneiro pechado.
Horario verán: De martes a domingo e festivos: de 11:00 a 14:00 y de 18:00 a 20:00

MUVICLA

A Eirexe 1, Trasliste, Láncara
Calquera día do ano con cita previa

Museo do Xoguete en el Pazo de Liñares

Liñares, s/n, Lalín.
Horario: De martes a sábado: 11:00 a 14:00, 17:00 a 20:00 horas.

MELGA, Museo Etnolúdico do Xoguete

Avda. de Bergantiños 65, Ponteceso.
Horario: Sábados 11:00 a 14:00 e 17:00 a 19:00. Domingos 11:00 a 14:00.

Museo do Moucho

Edificio de Servizos Múltiples. Avda de Galicia, 37, Cerceda.
Horario: De martes a sábado de 10 a 13 e de 16 a 19 horas.

Museo do Ferrocarril, MUFERGA

Padre Feijoo, s/n, Monforte de Lemos
Horario: Mércores a Venres: 11:00-14:00 e 16:00-19:00 horas. Sábados e domingos: 10:00-14:00 e 15:00-19:00 horas. Festivos: 12:00-14:00 y 17:00-19:00 horas.

Museo do Traxe Juanjo Linares

Praza do Campo da Feira, 5, Ordes
Horario: Martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 horas.

Museo Internacional de Cornamusas

Doutor Temes S/N Ourense
Horario: Luns a venres: 9.30-14.30 horas.

Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen

Explanada portuaria de Burela
Horario: consultar chamando ao 982 888 506 (desde febreiro ata o 31 de outubro) - 982 586 000 (do 1 de novembro ao 31 de xaneiro).

Museo do Humor de Fene

Avenida de Conces, 20-22
Horario: Luns a venres de 10 a 13 horas e de 16 a 21 horas. Sábados de 10 a 13 horas.

Centro de Interpretación de A Mina

Alcalde José Vilaboy Pajón, s/n, As Pontes.
Horario: consultar 981 453 116

DEPORTES

O CD Castro e o Meira FC convocan dous torneos

O CD Castro organiza a fin de semana do 11 ao 13 de xullo o cuarto torneo de fútbol sete. O torneo disputaranse no anexo Arturo Pereiro e contarán con servizo de bar con bebidas e bocadillos. O prezo da inscrición é de 150 euros, con seguro incluído, e haberá un máximo de 24 equipos con 12 xogadores por equipo como máximo. O primeiro premio constará de 1000 puntos, o segundo serán 300 puntos e o terceiro e cuarto 150 puntos. Os catro primeiros clasificados recibirán un trofeo e, ademais, haberá un trofeo e premio de 150 puntos para o mellor dos equipos do Concello non clasificado entre

os catro primeiros. Recoñecerase tamén ao mellor porteiro, mellor xogador e máximo goleador. Pola súa banda, logo do éxito do ano pasado, o Meira FC, organizará un segundo Torneo de Fútbol Sala, que se desenvolverá os días 1, 2 e 3 de agosto no pavillón municipal de Meira. O prazo de inscrición xa está aberto e ten un prezo de 150 puntos. Establecéronse cinco premios para 18 equipos. O campión recibirá 1.000 puntos, o segundo 500 e o terceiro e cuarto, 200 respectivamente. Ademais, haberá un premio ao mellor equipo local. Haberá servizo de bar e bocadillos e piscina gratuíta .



Ángel Herrero e María Jesús Conde gañaron a Carreira de Begonte

A oitava edición da Carreira Popular de Begonte encheu de deporte as rúas da localidade chairega, reunindo a un bo número de atletas de distintas idades. O triunfo na categoría absoluta masculina foi para Ángel Herrero (Lucus Caixa Rural Galega), quen dominou os dez quilómetros de percorrido dende o inicio, mantendo un ritmo firme de 3:28 por quilómetro para cruzar a meta cun rexistro de 34:27. Na segunda posición chegou Jorge Abril (Lugo Running), a 22 segundos, mentres que Manolinho Besteiro (A Gándara) foi terceiro a medio minuto do gañador. Na categoría feminina, María Jesús Conde (Lugo Running) impúxose con autoridade, sumando en Begonte a súa segunda vitoria en carreiras populares en dous días. Rematou o percorrido en 27:54, seguida de preto por Sandra Rivas (Lugo Running), e completou o podio Elena Veres (Compostela) cun tempo de 29:46.

As categorías inferiores tamén tiveron o seu protagonismo. Nos nados entre 2016 e 2017, Manuel Valle Lis (Atletismo Vilalba) foi o máis rápido, seguido por María Fernández (Alancar) e Marta Álvarez (Alancar) na categoría feminina. Na categoría B, de 2013 a 2015, a vitoria foi para Antonio Sanmartín, quen percorreu os mil metros do trazado en 3:09, por diante de Thiago Cedie (Escola Atlético Lucense) e Noa Villotas (Lourenzá), mentres que Lucía Fernández (Escola Atlético Lucense) e Mara González (Lourenzá) destacaron nas categorías femininas. Na categoría C, reservada para os nados entre 2010 e 2012, Fran Miragaya impúxose cun tempo de 6:51, mentres que Miguel Barba foi segundo e Miguel Miragaya ocupou o terceiro lugar. En féminas, Candela Castelo (Atletismo Coruña) acadou a vitoria, seguida pola súa irmá Martiña e por Noa Cupeiro (Alancar).

O RC Vilalbés infantil e o Riotorto FC fanse coa Copa Deputación

A tempada das categorías de base despediuse cun encontro marcado pola igualdade e pola calor, no que o Vilalbés se alzou coa Copa Deputación na categoría infantil tras impoñerse por 0-2 ao Milagrosa. A final, celebrada no campo Arturo Pereiro de Castro Ribeiras de Lea, puxo fin ao calendario oficial cun derbi lucense de alto nivel. Aínda que ambos equipos compartiron grupo na Primeira Infantil ao longo da campaña, o desenlace ligueiro foi ben distinto: o Milagrosa logrou o ascenso a Preferente, mentres que o Vilalbés quedou sen premio ligueiro, pero redimiuse na copa cunha vitoria que lle permite pechar o curso con boas sensacións. O encontro, moi equilibrado, decidiuse por detalles. O primeiro gol chegou na primeira metade da man de Lucas, que adiantou aos chairegos nun momento clave. Xa no último minuto do partido, Aarón transformou un penalti que selou o



resultado definitivo, dándolle ao Vilalbés un título moi celebrado.. SEGUNDA GALICIA. O Riotorto puxo o ramo á súa tempada con alegría, tras proclamarse campión da Copa Deputación nas categorías de Segunda e Terceira, logo de vencer por 2-0 ao San Roque no campo do Pichón. Un título que serve de merecido premio e consolo tras a súa recente eliminación na fase de ascenso. O equipo, que chegou con moitas

baixas e o banco axustado, asinou unha vitoria sólida fronte a un San Roque tamén combativo, pero que quedara fóra do ascenso na primeira eliminatoria ante o Sada. Con este título, o Riotorto pecha unha campaña brillante, na que loitou pola Liga ata o final e quedou ás portas do ascenso tras caer na prórroga do partido de volta. A Copa serve como xusta recompensa ao traballo, compromiso e regularidade do equipo durante toda a tempada.

Cambios na dirección dos bancos do RC Vilalbés e do CD As Pontes

O Racing Club Villalbés anunciou un importante cambio no seu banco de cara á vindeira tempada. Alberto López non continuará como adestrador do primeiro equipo, logo dunha tempada histórica na que o conxunto chairego acadou a 4ª posición na liga e disputou a cuarta fase de ascenso da súa historia. O club quixo agradecer a través dun comunicado oficial “todo o traballo e profesionalidade” de Alberto ao longo deste ano, desexándolle “moita sorte no futuro” na súa carreira deportiva. En paralelo, a entidade vilalbesa fixo oficial o nome do novo inquilino do banco: Juan Rodríguez García (Chantada, 1989) será o encargado de dirixir ao equipo en 3ª RFEF na tempada 2025/26. Juan cumprirá a súa sexta tempada no club, no que viña desenvolvendo as funcións de coordinador da base e adestrador do equipo infantil. Conta cunha ampla experiencia no Racing, onde tamén foi segundo adestrador dos equipos de 2ª e 3ª RFEF, ademais de adestrar a varios equipos da estrutura do club. Ao longo da súa carreira tamén formou parte dos corpos técnicos do CD Santaballés (Rexional Preferen-



te), SD Chantada e SD Antas, sumando xa 19 tempadas como adestrador. Desde o RC Villalbés destacan o seu “amplo coñecemento do fútbol base e do fútbol galego, así como a súa gran capacidade de traballo”, desexándolle os maiores éxitos nes-

ta nova etapa á fronte do primeiro equipo. AS PONTES. O Club Deportivo As Pontes viviu tamén unha transición no banco do seu primeiro equipo, ao oficializarse a chegada de Joaquín Breijo como novo adestrador de cara á tempada 2025/2026 na 1ª Futgal, logo de acordar a non continuidade do técnico Fran Caínzos. A elección de Joaquín foi refrendada coa sinatura do acordo e o protocolo apretón de mans co presidente do club, Xaime Castro. Trátase dun adestrador da casa, que dá un salto de categoría logo de completar con éxito un ciclo completo á fronte do equipo xuvenil. A súa traxectoria, unida á experiencia como asistente no primeiro equipo noutras tempadas, consolidárono como o candidato idóneo para asumir este reto. Ao tempo, o club despediuse de Fran Caínzos, que deixa o cargo tras realizar un notable traballo durante a campaña recentemente finalizada. A dirección deportiva e o propio técnico acordaron de mutuo acordo non continuar a relación para a vindeira tempada, xa que Fran afrontará novos proxectos tanto no eido deportivo como no persoal.

O Concello de Begonte FS ascende e o Vilalba FS queda ás portas

O Concello de Begonte Fútbol Sala acadou un histórico ascenso á Segunda División B tras superar no play-off ao CD La Folía FS de San Vicente de la Barquera.

O conxunto lucense impúxose no último minuto da prórroga grazas a un dobre penalti transformado con sangue fría, selando así unha vitoria épica nunha pista allea e cunha atmosfera de máxima tensión.

Con este triunfo, o equipo begontés encadea dous ascensos consecutivos, xa que esta mesma tempada chegara á categoría actual tras subir desde Preferente.

O salto á Segunda B consolida o proxecto deportivo do club e supón un recoñecemento ao traballo constante do cadro técnico, xogadores e afección, que xa soñan coa nova etapa na terceira categoría do fútbol sala nacional.

O Grupo Forma-T Vilalba FS quedou ás portas do soñado ascenso á Primeira División feminina de fútbol sala, tras asinar unha eliminatoria memorable fronte ao Esplugues de



Llobregat que se resolveu nos últimos dez segundos da prórroga do partido de volta. O marcador final (4-2) deixaba a eliminatoria cun empate global (7-7), pero o regulamento favorecía ao conxunto catalán, que fora campión de grupo na liga regular, fronte ás lucenses que non ocuparan a primeira praza.

Malia o desenlace amargo, o esforzo, a calidade e a paixón demostradas polo cadro adestrado por Kini Martínez ao longo da tempada e durante esta eliminatoria non deixan lugar a dúbidas: o Vilalba FS estivo á altura

da máxima categoría.

As xogadoras lucenses mantiveron vivo o soño ata o final. A falta de só 47 segundos para rematar o encontro, Paula culminou unha xogada de estratexia cun gol que puxo o 3-2 no marcador e devolveu a ilusión á bandada. Foi unha das múltiples demostracións de carácter dun equipo que nunca baixou os brazos.

A prórroga mantivo a emoción, pero nos últimos segundos, un gol do Esplugues selou o resultado e puxo fin ao soño do ascenso para o conxunto vilalbés.



Sergio Lozano gaña este ano o Volante Deputación

Sergio Lozano Granda foi o vencedor do premio Volante Deputación, que se celebrou ao longo desta fin de semana no circuito da Pastoriza co patrocinio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

O mozo, de Pacios, no Concello de Castro de Rei, de 22 anos, foi o máis rápido na final que se celebrou este domingo, polo que recibe como premio a participación como piloto titular no Rally San Froilán 2025, a bordo dun Dacia Sandero, dentro da estrutura do equipo da escudería PTC. Unha oportunidade para iniciarse na competición de forma totalmente gratuita e nunha das probas de maior prestixio do calendario galego de asfalto.

Iván Barreira García e Andrés López Gandoy completaron o cadro da final, que puxo fin a dúas xornadas de

intensa actividade no circuito municipal pastoricense, o único circuito oficial destas características na provincia de Lugo.

Preto de 160 pilotos participaron na proba organizada por PTC Escuela, que combina formación en conducción deportiva e competición. Todos os participantes recibiron un curso de formación técnica e conducción segura, para igualar e equilibrar os coñecementos.

Posteriormente, durante a xornada do sábado e na mañá do domingo, divididos en grupos e acompañados por persoal técnico da escudería, realizaron probas cronometradas con vehículos tamén proporcionados pola escudería. Pola tarde, disputouse a semifinal - na que participaron os dez máis rápidos nas roldas previas por grupos - e a final.

Maratóns de fútbol sala en Guitiriz, Friol e Rábade

O polideportivo Jonathan Carro acollerá os días 11, 12 e 13 de xullo o VI Maratón de fútbol Sala Guitiriz-Vila Termal. Recibirán un premio económico os catro primeiros clasificados masculinos e 200 euros para o mellor equipo do Concello. Os premios serán entre mil e 200 euros. Na feminina os premios serán para os dous mellores equipo. Serán de 300 e 150. O maratón dará comezo cun campionato de tute a partir das 16.30 horas, momento no que se realizará o sorteo dando inicio ás partidas ás 17.00. O campión levarase o 70 % da recadación e o subcampión o 30 %, e os dous primeiros da repesca recibirán un lote de produtos.

Outro ano máis, e xa son 9, o Insuas do Miño Rábade FS organizará o Maratón de fútbol sala de Rábade, os días 25, 26 e 27 de xullo, ao que están invitados a participar todos os equipos que o desexen. Este ano, haberá 24 prazas dispoñibles.

Para informarse ou inscribirse poden poñerse en contacto con Sergio (654 481 013) ou Antón (626 194 335).

Agosto comezará cunha Maratón de fútbol sala, organizada polo PM Friol Fútbol Sala, os días 1, 2 e 3 ao que están invitados a participar todos os equipos que o desexen. Haberá 24 prazas dispoñibles. Para informarse ou inscribirse poden poñerse en contacto con Dani Villar (699 177 508) ou Adri Fernández (615 442 769).

CARREIRAS POPULARES

A PASTORIZA. A localidade acolle a II Carreira e Andaina, que se celebra o 13 de xullo. Hai diferentes categorías e distancias en función das idades, dende os pitufos - nacidos a partir do 2018 - ata as persoas adultas. A saída e a meta estarán na praza do Concello. A proba discorrerá principalmente por camiños de terra á beira do monte da contorna próxima á vila - arredor do 70% -, así como polas rúas da localidade. En canto á andaina, está aberta a todas as idades e terá un percorrido de 4,5 quilómetros.

OS VILARES. A Asociación de Veciños, Cultural e Medioambiental dos Vilares; celebra o 9 de agosto a XXXIII Carreira Popular Os Vilares de Guitiriz. A proba comezará ás 11.00 coa recollida de dorsais, e ás 12:30 arrancará a categoría absoluta que será de 5 quilómetros, e na que haberá diferentes categorías, A (ata 29 anos), B (de 30 a 42 anos), C (de 43 a 55 anos) e D (máis de 55 anos). As 12:45 será a quenda das carreiras infantís coas categorías E (2020 e posteriores), F (2017 a 2019), G (2014 a 2016), H (2012 a 2013) e I (2011 a 2010). Ao rematar as diferentes probas farase entrega dos premios para os mellores participantes, ademais do agasallo conmemorativo para todos. Os premios serán para o primeiro atleta local e os tres gañadores ou

gañadoras da carreira absoluta. Haberá avituallamento final para os atletas que rematen a proba, na zona habilitada pola organización. Para participar é preciso inscribirse antes do 7 de agosto na páxina web de championchipnorte.com.

MEIRA. O Concello de Meira convoca a sexta edición da Carreira Popular Vila de Meira, que terá lugar o sábado 9 de agosto na vila a partir das 18.00 horas e con chegada á praza do Concello. Contará cunha carreira absoluta, para maiores de 18 anos, que percorreren 5,2 quilómetros, establecéndose tamén probas para os menores, que van dende os pitufos, para os nados entre 2021 e 2023, ata a de cadete, para os de 2010 e 2011. A carreira dará comezo desde as 18.00 horas para os máis pequenos con saídas cada 5 ou 10 minutos e percorridos que van dende os 50 metros para os máis pequenos ata os 3 quilómetros dos cadetes. A competición de adultos ten a súa saída ás 19.15 horas. Tamén se celebrará unha andaina, que fará o mesmo percorrido que as carreiras e saíran quince minutos antes. A organización establece un prezo de inscrición só para os da carreira e a andaina absolutas que é de 5 euros para os que se apunten antes do 1 de agosto, despois será de 7 euros. O prazo remata o 5 de agosto.



José Cuba Vázquez volve ser Campión de España

O Club Loitas Olímpicas Vilalba Libre e Greco-romana asinou unha destacada actuación nos Campionatos de España Sénior celebrados en Barcelona, onde se deron cita os mellores loitadores e loitadoras do Estado. Tres deportistas do club vilalbés viaxaron coa selección galega e os tres conseguiron subir ao podio.

O protagonista destacado foi, unha vez máis, José Cuba, que se proclamou campión de España por vixésima vez, un fito histórico no panorama da loita nacional que consolida o seu dominio nos pesos pesados. Xunto a el competiron tamén Kevin Cuba e Catriel Pehuén. Catriel aca-

dou a prata en Greco-romana nos pesos pesados tras vencer a Samuel Granchau (Cataluña) e Lucas Castán (Valencia), aínda que non puido disputar a final por unha lesión de xeonllo. O loitador arxentino, con varias medallas panamericanas, é xa unha figura clave do equipo.

Pola súa parte, Kevin Cuba, de só 18 anos, debutou nun campionato sénior e logrou un bronce na modalidade libre olímpica menos de 97 quilos. Tras perder contra o navarro Aimar Alzón, que acabou sendo o campión, aproveitou a repesca e venceu ao madrileño Gonzalo Guijarro na loita polo bronce.

DE RUTA EN RUTA

Cervantes: Ruta do Castro

A importancia do xacemento reside na información que achega a transición da cultura castrexa cara a romana

Se algo destaca no Concello de Cervantes é o patrimonio natural que serve de contorno aos núcleos de poboación. Non é difícil atopar camiños polos que percorrer estas terras e gozar da natureza os 365 días do ano.

E non so desfrutar de mestos bosques e montañas empedradas senón que tamén é posible gozar da fauna da zona, con gando vacún e animais salvaxes como porcos bravos ou corzo. Incluso, se o visitante ten sorte, poderá ver un dos 180 exemplares de oso pardo que viven, segundo estimacións, na zona norte do Estado.

A ruta proposta arranca nun parque infantil, no lugar de San Román de Cervantes, ata onde se pode levar o coche. Atravesando a praza que rodea a Casa Consistorial atópase o camiño que te leva ata o Complexo Etnoográfico dos Ancares que amosa a reconstrución dunha das típicas pallozas da zona.

Ao saír, un camiño de carballos e castiñeiros conducen ao cami-

ñante ao río Castro, que haberá que cruzar pola ponte e, ascendendo montaña arriba chegarase ata o Castro de Santa María de Cervantes, o primeiro punto clave desta andaina.

O Castro, datado sobre o século II d.C., Idade do Ferro, é un conxunto integrado polo poboado castrexo prerromano e por restos de varias explotacións auríferas, ademais dunha necrópole baixomedieval e unha igrexa, estas últimas construídas sobre o recinto do castro. Foi estudado durante os anos 1995 e 1996 aínda que boa parte da súa superficie permanece soterrada sen escavar. Durante as escavacións atopáronse 23 construcións de uso doméstico ademais de zonas de paso, canles, escaleiras e sistemas de drenaxe. Algunhas das vivendas tiñan o interior enlucido e pequenas alacenas de pedra. Unha singularidade deste xace-

mento é a construción sobra as ruínas castrexas da necrópole dos s.XIII e XIV formada por 56 sepulturas.

Xusto na zona pódese observar tamén un castrillón, unha pequena elevación utilizada, probablemente, como zona de vixilancia no seu momento.

De aquí, o camiñante deberá descender cara o río de Castelo onde a natureza mantén oculto o antigo muíño e unha pasarela de madeira que permite cruzar ao outro lado do río para subir por un camiño que leva ao lugar de Castelo de Cais.

Antes de chegar a esta aldea, un desvío á dereita descende ata o Rego de Vilarantigo, punto onde comezará, a última subida que chega, novamente, a San Román. Unha ruta sinxela que recomendan, incluso, para nenos e que se volve especialmente máximo nos meses de outono, co cambio de cores da vexetación.



DATOS



4 horas



8,2 km.



Dificultade
fácil

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05